

# Inmigración, ciudadanía e identidade

Santiago de Compostela  
decembro 2007



FOROS DO instituto de  
estudos das  
identidades

Museo do Pobo Galego





instituto de  
estudos das  
identidades



**Museo do Pobo Galego**

SANTIAGO DE COMPOSTELA, DECEMBRO 2007

**Patrocina**  
Parlamento de Galicia

**Edición**  
María do Mar Lorenzo Moledo

© dos textos, os respectivos autores  
© desta edición, Museo do Pobo Galego

**Deseño**  
Permuy Asociados

**Impresión**  
La Ibérica

D.L.: C 2226-2008

FOROS DO instituto de  
estudos das  
identidades

# Inmigración, ciudadanía e identidade

Santiago de Compostela  
decembro 2007

## Índice

- 4 Presentación da presidenta do Parlamento
- 7 Limiar
- 11 Principais conclusións
- 15 A inmigración en Galicia. Patróns demográficos e identitarios  
ANTONIO IZQUIERDO ESCRIBANO
- 27 Galicia: de pobo emigrante a espazo de acollida  
XOSÉ LUÍS BARREIRO RIVAS
- 36 Inmigración e identidade en Galicia.  
A educación intercultural en perspectiva  
MIGUEL ANXO SANTOS REGO
- 54 Mujer, inmigración e identidade. El caso de las mujeres marroquíes  
GEMA MARTÍN MUÑOZ
- 77 Representación criminóxena del inmigrante  
JOSÉ LUIS ALBA ROBLES
- 85 Participantes no foro

Durante o século pasado foron milleiros os galegos e as galegas que abandonaron o país coa esperanza de encontrar unha vida mellor e un futuro de esperanza para eles e para os seus fillos, xerando un dos fenómenos sociolóxicos máis importantes para a Galicia do século XX.

Aqueles que emigraron abandonaron a súa casa, a súa patria, levando na maleta o cariño e a lembranza dos seus, dos que quedaban.

Agora son outros os que veñen e, coma nós mesmos fixemos un día, reclaman un sitio na nosa sociedade para desenvolver as súas vidas. Como pobo tradicionalmente emigrante, debemos comprender con especial sensibilidade as súas necesidades.

Sabemos que se trata dunha experiencia difícil, pero tamén enriquecedora, para os que se van e para a sociedade que os acubilla. O emigrante é un cidadán do mundo; constitúe a realidade palpable desta sociedade globalizada da que tanto falamos. Portador e acredor de valores universais, a súa é a experiencia da diversidade e da pluralidade, valores que merecen ser protexidos e potenciados.

Entre o que chega e o seu novo entorno establécese unha comunicación que conforma o formidable feito do diálogo entre sociedades e culturas. Esta combinación de identidades frutifica nun achegamento mutuo que implica compromiso, respecto, confianza, aprecio e esperanza, e constitúe unha ferramenta clave para o progreso e o desenvolvemento.

Esta situación merece ser analizada dende un prisma positivo, por canto para nós supón unha enorme oportunidade de acadar o despegue demográfico na nosa sociedade, que de feito grazas a este fenómeno conseguiu recuperar o crecemento ata situalo no 1,27 por cento —Informe IGE 2001-2007—.

Hoxe moitos galegos son fillos da emigración, e por iso asumimos a responsabilidade de exercer o valor máximo do diálogo tamén co estranxeiro, co obxecto de buscar e acadar a necesaria integración, que garanta o éxito na nosa procura dunha Galicia plural e complexa, pero sempre unida en torno a un proxecto de país xusto e solidario, aberto e integrador.

É por iso que cómpre saudar iniciativas coma esta do Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego, que conxuntamente co Parlamento de Galicia organizou nos pasados meses de novembro e decembro o Foro sobre “Inmigración, cidadanía e identidade”, que conclúe nesta publicación.

Unha iniciativa que soamente unha persoa da sensibilidade de Díaz Pardo podería suscitar como presidente do Padroado do Museo. O seu saber facer concitou no seu día o encontro na emigración de intelectuais como Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Eduardo Blanco-Amor, Laxeiro e tantos e tantos que, coma el, compartiron esta experiencia como unha vivencia positiva.

Agora ofrece un estudo rigoroso sobre a nosa experiencia como país receptor de emigrantes. As súas conclusións resultan enormemente enriquecedoras por canto aportan argumentos fundamentais para o debate e a reflexión sobre as vertentes demográfica, económica, cultural e sociolóxica do fenómeno.

En definitiva, a inmigración resulta ser unha experiencia que contribúe ao noso enriquecemento como país, unha razón fundamental para desenvolver unha convivencia democrática máis madura e de maior calidade e, en definitiva, mellorar a calidade da nosa democracia.

**Dolores Villarino Santiago**  
Presidenta do Parlamento de Galicia





Dende hai medio século miles e miles de homes e mulleres procedentes do chamado Terceiro Mundo están a se asentar en Europa occidental. Este fenómeno non é novo na historia da humanidade, pero presenta unhas características específicas dos tempos que estamos a vivir. Sociólogos e economistas adoitan analízalo dende unha perspectiva que poderíamos cualificar de aséptica, e crean a imaxe de que se trata dun feito lóxico, propio dun mundo globalizado no que as zonas menos desenvolvidas transfiren poboación a áreas máis ricas con demografía estancada.

Con todo o que de verdade *obxectivo* poidan ter este tipo de análises, non obstante é preciso lembrar que os movementos migratorios manifestan tamén os graves desequilibrios que o actual macrosistema mundial provoca, establecendo notorias diferenzas entre o norte dos *welfare states*, que sustentan en boa parte o nivel de vida dos cidadáns a costa das citadas diferenzas, e un sur empobrecido. Resulta posible defender o principio de que xente situada nun marco económico, social e cultural determinado desexa cambiar a outros lugares. Mais os éxodos masivos non responden a un exercicio da liberdade individual, senón a situacións vividas como penosas polo groso dos que abandonan a súa terra natal na procura de paraísos imaxinados. En Galiza houbo no pasado voces que se ergueron contra as perversidades migratorias, como a do poeta Curros Enríquez, quen reflectiu a súa protesta nos seguintes versos: «*Que aquel que deixa seu natal curruncho / e fóra dos seus eidos pon os pes, / cando troca o seguro polo incerto, / ;motivos ha de ter! / Preguntaille e diravos que sin rego / o milleiral, o lume sin cardés, / sin herba o gando e sin traballo o home, / non se pode manter...*».

A península ibérica comezou a coñecer a chegada masiva de inmigrantes en datas moi serodias, sobre todo nos últimos dez anos. Algúns territorios, como Madrid ou Cataluña, xa contan cunha poboación inmigrante que supera o 10% do total. En Galiza, pola contra, as cifras son moito máis modestas, situándose algo por riba do 3%, aínda que é moi posible que se incrementen nun futuro próximo. A isto habería que engadir o feito de que a poboación galega padece unha grave crise da natalidade, cun descenso demográfico que, polo menos en parte, será aliviado pola inmigración, a non ser que se poñan en marcha accións encamiñadas a recuperar un razoable ritmo natalicio interno, cousa que non se albisca no horizonte do futuro inmediato.

A presenza de novos veciños procedentes de áreas de civilización diferentes da que estivo, e está, situada Galiza, xera problemas de tipo económico e social, mais tamén crea unhas problemáticas culturais. Por iso o Museo do Pobo Galego, por medio do seu *Instituto de Estudos das Identidades*, considerou oportuno abrir un ciclo de debate, a medio e longo prazo, sobre un asunto de importancia crecente, o cal tivo unha primeira etapa no presente foro. Coordinado pola profesora María Mar Lorenzo Moledo, contou como relatores con Antonio Izquierdo Escribano, Xosé Luís Barreiro Rivas, Gema Martín Muñoz, Miguel Anxo Santos Rego e José Luis Alba Torres. Todos eles abordaron a cuestión dende unha visión que poderíamos cualificar de previa ao seu núcleo central dende unha perspectiva culturalista, o cal deberá, no futuro, centrarse nas transformacións dos nosos mapas cognitivos culturais en función da presenza aquí de distintas tradicións, ou de universos de crenzas e valores distantes do que viña predominando neste recuncho do noroeste peninsular. O obxectivo do foro, neste sentido, é facer unha primeira chamada

de atención aos galegos e galegas, e de maneira especial aos responsables dos sectores económico, social, cultural e político en xeral, para elaborar unhas tomas de posición ao respecto, en diálogo permanente cos inmigrantes, pois non é desexable practicar unha actitude baseada no *laisser-faire*, destrutiva tanto para nós mesmos como para os que xa poderíamos comezar a denominar “novos galegos”.

En xeral as estratexias centradas na presenza de poboación inmigrante teñen tres camiños a elixir: a segregación, a asimilación e a integración. Esta tripla clasificación, clara na súa lectura primaria, encerra en si mesma grandes doses de imprecisión, na medida que unhas percepcións subxectivo-grupais poden interpretar unha acción como segregacionista mentres que outras a interpretan como integradora. Pero, en xeral, é aceptable a efectos discursivos. E, dentro da mesma, unha visión antropolóxico-cultural, imprescindible nunha institución como o Museo do Pobo Galego, sempre se debe inclinar por opcións nas que domine a integración, concepto arredor do que posiblemente sexa necesario facer unhas reflexións clarificadoras.

Enténdese por integración un proceso mediante o que se consegue que persoas endoculturizadas en diferentes contextos socioculturais compaxinen o cultivo da diferenza coa aceptación dun marco de convivencia común, no que, inevitablemente, todos deberán asumir uns principios vertebradores desa convivencia. Pero unha estratexia deste tipo presenta algunhas dificultades. Unha saída para lograr esta meta podería ser a vía que Bhirkhu Parekh denomina *procedimentalista*, baseada en recoñecer que as distincións morais e culturais non teñen solución unívoca, e a única opción razoable consiste en establecer unhas normas mínimas moi xenéricas para asegurar a paz e a convivencia multicultural. É doado descubrir unha primeira eiva nesta proposta, a de que pode conducirnos a unha especie de *pot-au-feu* sociocultural no que unha serie de agregados se sumen por meras razóns de xustaposición, provocando o que poderíamos definir como un *plurisegregacionismo* invertebrador. Os propios inmigrantes, pola súa banda, adoitan crear *neocomunidades* compostas por xente que, na súa terra de orixe, se asociaba de maneira diferente. Resulta lóxico considerar este fenómeno como inevitable. Mais esas neocomunidades corren o risco de esvarar, por incitacións do medio e por resistencia propia, cara a autosegregacionismos ou illacionismos perigosos.

A problemática multicultural afecta tanto aos inmigrantes como ás comunidades de acollida, e estas últimas tamén teñen que ser tomadas en conta á hora de elaborar estratexias de integración. En Europa foise construíndo ao longo dos séculos unha macro-civilización que, malia a súa uniformidade xeral, amosa matices moi variados nos distintos espazos continentais. Seguindo a nomenclatura posta ao día pola Antropoloxía, os europeos estivemos, e en boa parte aínda estamos, divididos, de maneira “mecánica”, pero efectiva, en *grupos étnicos* baseados na diferenciación lingüístico-cultural, ou, de optar por unha denominación máis actualizada, en nacións ou nacionalidades diferenciadas, aínda que sexa preciso recoñecer que a *distancia étnica* entre os veciños adoita non ser moi grande. Este mosaico viuse implicado, por inclusión ou por exclusión, no proceso de construción dos estados-nación contemporáneos, constituíndose certos grupos étnicos en compoñente case único ou dominante dalgún deles, con exemplos como Portugal. Mais noutras ocasións eses grupos acabaron dentro de unidades estatais que podemos cualificar de pluriétnicas ou plurinacionais, con ou sen recoñecemento da súa especificidade.

Nese marco xeral, no que cremos se debe entender a problemática da inmigración, resulta axeitado retornar a Galiza para tratar de situala na complexa encrucillada actual. Aínda que calquera persoa informada do pasado sabe que as nosas formas socioculturais sufriron cambios no tempo, non obstante aquí, como noutros lugares de Europa, acabamos creando unha gratificante *ilusión de estabilidade cultural*. Certos compoñentes desa “ilusión” son de complexo mantemento na actualidade, como sucede, por exemplo, coa relixiosidade católica, pois non sería de recibo impoñela a persoas que proceden, e sustentan, outros paradigmas relixiosos.

Do poliedro no que se move a identidade etno-nacional galega soamente algúns elementos diacríticos están, polo menos en teoría, en mellores condicións de ser aproveitados nos procesos de integración da poboación inmigrante.

Unha sinxela análise comparativa con outros países en situación teoricamente semellante, como poderían ser Flandres, Quebec ou Cataluña, permite apuntar que si hai un compoñente da identidade que reúne unha boa condición para ser utilizado na integración. Estamos a referirmonos á lingua galega, o idioma propio da nosa terra porque aquí foi creado e aquí ten o seu centro de reprodución. Pero este privilexiado *locus* identitario está sometido a tensións que o sitúan en posición deficitaria para ser asumido decididamente polos inmigrantes. Falta, principalmente, acordo social amplo na poboación nativa de Galiza para elevar esa nosa lingua á categoría de instrumento comunicativo xeral e cotián, o que actúa como factor de desestimulación nos novos chegados. A isto habería que engadir a hipocrísia de algúns dos nosos dirixentes políticos, sociais, económicos, relixiosos e culturais, quen confesan publicamente a súa querencia polo galego, pero logo dubidan á hora de emprender decididas *accións afirmativas* para consolidar o seu uso.

A lingua é un bo exemplo de que Galiza está en situación feble para facerlle atractivo aos inmigrantes un proceso de integración no que teñan cabida certos trazos considerados como xenuinamente galegos. E isto irá sempre en prexuízo da nosa identidade tal e como se foi construíndo nos últimos séculos. Ao cabo, se os inmigrantes deben ter oportunidades de ofrecer materiais do seu bagaxe cultural para levar a cabo pacíficos e satisfactorios procesos de integración, como non imos ter tamén nós, os anfitrións, oportunidades do mesmo tipo? O problema, dende esta óptica, está máis na nosa propia capacidade de chegar a unírmonos responsablemente no mantemento de sinais da nosa identidade do que nas actitudes dos inmigrantes.

Un asunto de tanta importancia como o que presentamos nas liñas antecedentes non pode ser despachado a plena satisfacción no marco dun foro de debate como o que reflicten as páxinas que seguen a este limiar. E por iso, segundo xa antes anunciamos, optouse por dar un paso inicial que permitise ter unha ollada básica sobre o universo da inmigración, en agarda de continuar no futuro polo camiño agora encetado. Despois de pasar por dúas fases, unha virtual e outra presencial, a coordinadora e relatores, a quen manifestamos o noso agradecemento, elaboraron uns textos e conclusións que agora ven a luz como materiais para unha primeira reflexión.

O Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego ten a obriga, e o pracer, de manifestar tamén o agradecemento polo apoio prestado a este foro polo Parlamento de Galiza nas persoas da súa presidenta, D<sup>a</sup> Dolores Villarino Santiago, e vicepresidenta, D<sup>a</sup> Tareixa Paz Franco, grazas ao que dispuxemos dos recursos orzamentarios necesarios para desenvolver esta actividade.

**Instituto de Estudos das Identidades  
Museo do Pobo Galego**



## PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

Dadas as circunstancias económicas de Galicia, onde non se teñen amosado sectores especialmente dinámicos que sirvan como catalizadores dos fluxos migratorios, é un feito que na nosa Comunidade Autónoma aínda non se teñen expresado, na mesma medida que noutros territorios do Estado, os conflitos máis potencialmente vinculados á inmigración. Xa que logo, Galicia non manifesta ata a data un robusto poder de atracción sobre os inmigrantes estranxeiros.

Non obstante, cómpre abrir vieiros de debate e reflexión como os suscitados neste Foro de “Inmigración, cidadanía e identidade” do que extraemos algunhas conclusións xerais:

— A inmigración estranxeira é a responsable do incremento da nosa poboación nos primeiros anos do século XXI. En Galicia, durante os seis últimos anos, as defuncións teñen superado os nacementos nunha cifra de nove mil como termo medio. Un exceso de falecidos sobre nados que se suaviza grazas á “volta dos fillos pródigos”. Así, o saldo migratorio español tempera a caída do saldo vexetativo pero non o compensa de todo.

E chegan os estranxeiros cunha dobre contribución. O fluxo directo dos que veñen e o engadido dos que procrean e se establecen. É dicir, a poboación estranxeira, ao contrario do que a galega, ofrece un exceso de nados sobre os falecidos da orde de 3 mil cincocentas almas, pero o que máis suma ao resultado final é o sobrante migratorio que rolda as 45 mil persoas durante o sexenio 2000-2005.

Así, o aporte demográfico dos estranxeiros é positivo en natalidade e mesmo en nupcialidade. A taxa bruta de natalidade

dos estranxeiros é de 17 nados por cada mil persoas, mentres que a dos nacionais é de 7 por mil. Tamén o comportamento nupcial dos estranxeiros se destaca sobre o nativo ao darse 15 matrimonios por mil persoas ao ano, fronte aos 4 matrimonios anuais por cada mil galegos.

— O aporte económico dos estranxeiros ten dúas caras: unha positiva (taxa de emprego) e outra negativa (taxa de paro).

A súa taxa de emprego, e tamén de desemprego, é superior á dos nativos galegos. A man de obra estranxeira é nova na súa maior parte e, sobre todo, ao principio do ciclo migratorio. O foráneo vén traballar con toda decisión naquilo que se lle ofrezca. O resultado que cabe esperar de todas estas circunstancias é que o emprego sexa a situación máis frecuente entre a poboación estranxeira. E así sucede, pois a súa taxa de emprego é once (11) puntos superior á dos nativos. Os datos din que a taxa de emprego dos galegos é do 49% fronte ao 60% dos estranxeiros.

Esa maior disposición ao traballo por idade e necesidade non sempre colleita bos resultados. A debilidade das súas redes de contacto e de sostén, así como a inadecuación das súas aptitudes ás demandas do mercado, repercute no nivel do seu desemprego: o 16,3% de media para os estranxeiros e un 8,5% de desemprego para os nativos. En suma, cando hai máis actividade, maior é a ocupación e o paro entre a poboación estranxeira, o que significa que son máis flexibles e ao tempo máis vulnerables laboralmente ca os nativos.

No caso das mulleres, a súa taxa de emprego (50,4%) é dez puntos máis alta cá das nativas.

O desemprego é superior nun once (11%) por cento, de modo que a taxa de paro das galegas sobe ata o 10,9% e a das mulleres inmigrantes non españolas chega ao 22,5%.

Neste contexto, non debemos subestimar o papel que a falta de recoñecemento dos títulos formativos e o proteccionismo do mercado autóctono teñen á hora de dar conta do exceso de desemprego entre os traballadores foráneos.

- A inmigración das mulleres marroquís caracterízase por unha importante diversificación. Existe unha gran variedade de perfís que responden a circunstancias diversas (idade, estado civil, nivel de estudos ou procedencia rural ou urbana). Isto racha coa visión homoxénea que se ten sobre “a muller marroquí”, dado que esa diversidade expresa proxectos migratorios diferentes e actitudes diversas sobre a súa experiencia no país de acollida. Nesta conxuntura histórica son bastantes as mulleres migrantes que asumen a experiencia como un proxecto persoal e individual superando o que antano era a principal vía de chegada a través da reagrupación familiar.
- O aumento do pluralismo cultural, relixioso ou axiolóxico sempre produce modificacións identitarias, e máis cando vivimos nunha sociedade global. As migracións provocan un problema de fragmentación axiolóxica e económica da sociedade, e implican unha confrontación entre os valores culturais que utilizan as comunidades inmigrantes para manterse unidas e favorecer –paradoxalmente– os seus procesos de integración, e aqueloutros valores que fundamentan hoxe os nosos modelos de vida familiar, social e política. E por iso temos que ser conscientes de que o fenómeno migratorio, ben sexa na súa versión emigratoria ou inmigratoria, implica sensibilidade, e mesmo algún esforzo nos eidos relativos á conservación da identidade,

ao diálogo cultural e á integración de sistemas axiolóxicos nun modelo plural e aberto, e respectuoso coas vías democráticas que lexitiman a convivencia social e política.

- A xestión da inmigración nun marco de diversidade cultural precisa dunha escola máis inclusiva. Neste senso, é necesario que a escola valore a diversidade cultural procurando a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas, así como unha xestión pedagóxica da aprendizaxe dirixida á optimización das distintas pero relacionadas dimensións do proceso educativo, pensando no logro de competencias interculturais, susceptibles de axudar ao benestar das persoas nun mundo conectado. Os centros escolares deben ser espazos para todo o mundo, e mesmo verdadeiras comunidades de aprendizaxe. O papel da escola é clave no proceso de integración social do inmigrante, de tal xeito que o seu éxito escolar constitúe a mellor panca para superar as barreiras que persisten no mundo social e laboral. Nese horizonte hai algúns núcleos de atención que non podemos descoidar desde a educación en xeral e desde a escola en particular. Referímonos á participación das familias nos centros escolares, á formación do profesorado, ou á introdución do modelo de aprendizaxe cooperativa nas aulas.
- Non existe evidencia empírica concluínte respecto á relación causal entre inmigración e delincuencia. Sen embargo, o rápido incremento da poboación inmigrante ten xerado un sentimento de inseguridade cidadá en moitas partes do Estado, se ben en Galicia este problema non se manifesta coa mesma intensidade. Certamente, existe unha maior cantidade de inmigrantes implicados en comportamentos delituosos, pero este feito non obedece a razóns de nacionalidade ou etnicidade senón ás condicións sociais e de irregularidade nas que moitos deles se atopan.

— As políticas migratorias deben ter en conta tanto os proxectos migratorios das persoas como as demandas do país de destino. A migración é un acto complexo, en cuxa descrición caben sempre dúas perspectivas –a emigración e a inmigración– e que, mentres existe unha razoable tendencia a xeneralizar o dereito de emigración, que implica as perspectivas sociais e económicas do país de orixe, tamén existe unha visión moi restritiva que se fai dominante nos países de destino, nos que prevalece unha consideración estritamente economicista da inmigración, que só nalgúns casos se ve matizada ou condicionada por razóns políticas. Así, desde esta perspectiva é cada vez máis evidente que,

lonxe de ser considerado como un movemento natural da poboación, e como un dereito do home, a inmigración contéplase exclusivamente como unha opción económica con certas tinturas solidarias, cunhas formas e regulamentacións que se establecen exclusivamente en función das conveniencias da comunidade política de destino, e nunca en función das circunstancias que a provocan en orixe.

— Cómpre recoñecer o dereito á participación política dos inmigrantes, se o que se pretende é a integración, entendida como proceso guiado polo obxectivo do recoñecemento da cidadanía.





# A INMIGRACIÓN EN GALICIA. PATRONS DEMOGRÁFICOS E IDENTITARIOS\*

## (As oportunidades da inmigración para Galicia)

Antonio Izquierdo Escribano

(ESOMI) Equipo de Socioloxía das Migracións - Universidade da Coruña

Un dos obxectivos da investigación en socioloxía das migracións é contestar preguntas que teñen ensulla social ou relevancia pública. Pois as cuestións que se caldean na area política poden adquirir esa aparencia de modo efémero ou postizo, é dicir, porque os axentes mediáticos se concentren no asunto, o aireen e o acurrunchen ao día seguinte sen miramento nin reflexión. Pero no espectáculo das noticias tamén as hai que teñen envergadura pública polas súas repercusións en tempo e prazo.

Non é o obxecto deste traballo o de analizar canto hai de impostura e canto de temporal “nas noticias da inmigración” que proliferan cada día con maior frecuencia polos medios de formación da Opinión Pública. E, sen embargo, espero que as dúas das que nos vamos ocupar no que segue interesen aos máis e sexan relevantes para que os poderes públicos adopten algunhas decisións que se nos antollan claves e o fagan sen agonías. Os dous asuntos son: o impacto demográfico e a pegada na superficie dos mercados de traballo.

### A PERSPECTIVA HISTÓRICA E A SÚA ADECUACIÓN Á ANÁLISE DAS MIGRACIÓNS INTERNACIONAIS


Ata mediados dos oitenta do século XX, o crecemento vexetativo de Galicia ten sido positivo, se ben o crecemento total seguiu a pauta do saldo migratorio. É evidente que as catástrofes, e concretamente a gripe de 1918 e, de modo máis prolongado, a guerra civil coas súas secuelas, produciron fondos buracos nos comportamentos nатаis e mortais da poboación galega. Ocorre, sen embargo, que desde fai dúas décadas, a contribución do saldo neto migratorio brilla no discorrer demográfico de Galicia e tira cara arriba do crecemento da poboación, compensando a sangría do saldo vexetativo.

O resultado é que a poboación da CA crece con leividade nos últimos cinco anos e que ese lixeiro aumento débese por enteiro ao saldo neto migratorio. En cambio, tal e como se aprecia na gráfica 1, o saldo vexetativo é negativo. E continúa séndoo durante os inicios do novo século de modo que durante os últimos cinco anos, a poboación de Galicia tivera minguado en 45 mil habitantes; é dicir, unha media de nove mil persoas cada ano. E ten sido a balanza migratoria a que neutraliza a diminución que experimentou o total da poboación. Máis aínda, grazas ao aporte das diversas inmigracións, o crecemento total da poboación ten sido positivo e Galicia sumou trinta mil habitantes durante o lustro 2001-2005.

Sen embargo, coa perspectiva que dá o último cuarto de século, sabemos que a poboación, como mínimo, se ten estancado. Iso se atendemos á corrección que fixo o IGE dos datos entre mediados dos sesenta e principios do novo século e o conseguinte axuste da última proxección. Pois se nos fiamos das cifras oficiais da poboación de dereito, e segundo conta o censo de 1981, había entón 2 millóns e 810 mil habitantes mentres que en 2005 rexistráronse 2 millóns e 762 mil. Unha perda de case cincuenta mil persoas, pese a que xa son sete os anos de crecemento continuado.

A mirada de prazos longos, sexa cara atrás e desde logo cando outea un futuro previsible, é a máis apropiada para a análise das migracións internacionais. Dous exemplos bastarán desde as perspectivas sociolóxica e demográfica para apoiar tal principio de análise. Un é a contribución dos menores inmigrantes escolarizados que non se verá ata a súa axeitada inserción na sociedade e no mundo laboral. Pola mesma razón, requírese tempo para avaliar o ritmo da converxencia das nais inmigrantes coas nativas no que fai ás pautas

**GRÁFICA I.**  
**GALICIA. COMPOÑENTES DO CRECEMENTO MEDIO ANUAL (PROMEDIOS ANUAIS QUINQUENAIS)**



**NOTA**

<sup>1</sup> Segundo o IGE, os datos oficiais da poboación de dereito están sobreestimados debido á falta de rexistro das baixas de emigrantes. A práctica de non darse de baixa no padrón municipal ao ir traballar a Europa nos setenta foi particularmente habitual en Galicia. O IGE, na súa última proxección, axusta a serie desde mediados dos setenta e, segundo a corrección, pódese falar dun estancamento do crecemento ata principios deste século.

de fecundidade. Sen dúbida, o índice sintético de fecundidade ofrécenos unha pista do porvir, pero hai que esperar a que se complete o ciclo reprodutivo para obter a descendencia final. En suma, a perspectiva lonxitudinal é máis axeitada que a conxuntural, sobre todo cando non transcorreu o tempo preciso para que o ciclo migratorio madure.


**A GALICIA DO SÉCULO XXI XA ESTÁ INSTALADA NO PARADOXO MIGRATORIO**

No só aquí, senón en terras veciñas e de tradición emigrante como é o caso de Asturias, vívese instalado no paradoxo migratorio. Esta dinámica

aparentemente ilóxica podería formularse do modo seguinte: vanse galegos a outras comunidades de España e tamén emigran a outros países. Mentres que desde os máis variados currunchos veñen a Galicia inmigrantes estranxeiros. É dicir, coexisten as inmigracións coas emigracións cara a dentro e tamén cara a fóra de España. Pero, en todo caso, vanse menos dos que chegan aquí.

Galicia atrae case tantos españois como envía galegos a outros lugares das illas e a península (gráfica 2). Pero, en cambio, o saldo migratorio internacional é favorable á CA pois, aínda que saen galegos a buscar a vida polo mundo, son moitos máis os inmigrantes estranxeiros ou descendentes naturalizados que ligan o seu porvir á Comunidade Autónoma.

**GRÁFICA 2.**  
**GALICIA. MIGRACIONES TOTAIS (CONCILIACIÓN DE FONTES)**



Fonte: Elaboración propia en base medias anuais quinquenais do INE. Estatística de Variacións Residenciais. M. Trabajo. Baixas consulares e emigración española asistida.  
Nota: Inmigración do Estranxeiro 1971-80 estimada usando o saldo migratorio da ecuación compensadora. Datos de EVR estimados para suavizar sesgos cando coinciden con operacións censais.

Ademais, vanse outros e por diferentes motivos. Os proxectos migratorios dos inmigrantes estranxeiros, dos inmigrantes naturalizados e dos verdadeiros retornados non resultan equiparables. Non o é tampouco o seu perfil demográfico e familiar. Nin os seus estudos e cualificacións, nin os seus dereitos, nin menos aínda como os tratamos. Tampouco iso é novo. Nas emigracións de galegos a Sudamérica e medio século máis tarde a Europa convivían proxectos migratorios de distinto carácter e de natureza dispar. As migracións sempre teñen sido fillas da súa época e do seu momento histórico e xa se sabe que as sociedades de acollida e de orixe non viven no mesmo tempo político, económico e social.

### OS SUXEITOS DA OPORTUNIDADE: INMIGRANTES E ESTRANXEIROS


Vaiamos agora ao miolo da intervención. Ocupémonos dos inmigrantes estranxeiros

e deixemos de lado o fluxo de retornados, os seus fillos e netos, sen que iso implique menoscabo da incidencia demográfica, laboral, política e cultural que alcanzan na Galicia do século XXI. Repare o lector que non vamos ocuparnos da inmigración internacional, pois nela xúntanse os españois que veñen doutro país cos estranxeiros que poden proceder do mesmo país. A diferenza principal é que os primeiros gozan dos mesmos dereitos que os españois sedentarios mentres que os segundos atéñense á lexislación que se aplica aos estranxeiros.

Na última década do século XX, a corrente cara a Galicia de inmigrantes de nacionalidade española que proviña do exterior superaba en número o fluxo de estranxeiros. Desde o ano 2001, a inmigración de nacionalidade non española adianta a naturalizada (gráfica 3). E esa inmigración está composta por varios e moi diferentes fluxos.

Lideran as entradas os inmigrantes estranxeiros que proceden de América e máis precisamente os que

**GRÁFICA 3.**  
**GALICIA. INMIGRANTES PROCEDENTES DO ESTRANXEIRO**



veñen de Latinoamérica. Estes representan máis da metade das altas de estranxeiros rexistradas pola Estatística de Variacións Residenciais (EVR) nos últimos tres anos. Séguenlles en importancia os estranxeiros que son nacionais dalgún dos países da Unión Europea (17%) xunto aos europeos Non Comunitarios (10%) e, por fin, os fluxos integrados por africanos e asiáticos (gráfica 4).


### **FLUXOS CRECENTES E FAVORABLES PARA A CONVIVENCIA**

O grosor dos fluxos de estranxeiros medidos a través da EVR (Estatística de Variacións Residenciais) subminístranos unha proba do febles que son en número, se o comparamos con outras rexións españolas, pero tamén do crecente que resulta a súa tendencia nos seis últimos anos. En efecto, Galicia non ten manifestado ata a data un robusto poder de atracción sobre os inmigrantes estranxeiros. Se ben o volume de altas residenciais tense duplicado entre o 2000 e o 2004 de seis mil

a doce mil, o certo é que esa cantidade a penas representa o 1,9% do total de altas residenciais rexistradas en España durante ese último ano. Un peso que está por debaixo do da poboación galega en España e tamén do que representa o *stock* de estranxeiros censados aquí respecto do total de foráneos na península.

Da orixe dos fluxos despréndese o favorable que resulta para a súa integración na sociedade galega. Pois máis da metade dos empadroados veñen de Latinoamérica e unha cuarta parte chéganos desde Europa. Con estes vimbios culturais, a organización da convivencia é cuestión de legalidade no traballo e pouco máis. En aparencia non parece excesivo o gasto que cabe presupostar para a xestión da diversidade cultural. Claro está que esta apreciación resulta excesiva sen engadir o matiz de que cando a favorable composición para a integración social é contemplada polo miúdo para cada ámbito básico (vivenda, educación e traballo) as diferentes necesidades dos inmigrantes reais que se instalan en Galicia anularán, sen dúbida,

**GRÁFICA 4.**  
**GALICIA. INMIGRANTES ESTRANXEIROS SEGUNDO O CONTINENTE DE NACIONALIDADE**




a xeneralización abusiva que se liga ao continente de procedencia ou ao país de nacionalidade. En poucas palabras, da simple procedencia ou nacionalidade non se desprenden os graos de necesidade.


O vaivén dos fluxos fragua nun *stock* de poboación estranxeira. Por así expresalo, o *stock* ou depósito é o que permanece despois do desfile dos movementos de ida e volta. O destilado que deles se desprende. Pois ben, segundo o Padrón, en xaneiro de 2005 máis da metade dos inmigrantes empadroados é nacional dalgún dos países latinoamericanos, unha cuarta parte pertencen á UE máis outro seis por cento que proceden do resto de Europa. Os africanos empadroados a penas supoñen un de cada dez estranxeiros dados de alta no Padrón e o 5% que queda repártese entre norteamericanos e asiáticos. En resumidas

contas, o 86% dos estranxeiros empadroados son “culturalmente próximos” se por tal se entende a latinoamericanos e europeos (gráfica 5).

**GRAFICA 5.**  
**GALICIA 2005. ESTRANXEIROS SEGUNDO REXIÓN DE PROCEDENCIA**



**GRÁFICA 6.**  
**GALICIA. DEMOGRAFÍA DA POBOACIÓN**



### A VITALIDADE DOS ESTRANXEIROS

A contribución demográfica dos estranxeiros resúmese no seu aporte ao crecemento da poboación total e na dinámica do seu comportamento vexetativo. Vexamos, en primeiro lugar, que aportan ao crecemento e en que concepto. Respecto da evolución da poboación total en Galicia, xa se apuntou que de non ser pola chegada da poboación foránea teríase producido unha diminución no número de habitantes. Nos seis últimos anos a CA tería perdido preto de 16 mil persoas. E as perdas non foron maiores grazas a que chegaron inmigrantes de nacionalidade española. Non só teñen regresado os verdadeiros retornados senón que, sobre todo, inmigraron os seus descendentes e achegados que gozan da nacionalidade española aínda que naceron nun país estranxeiro.

De modo que o saldo migratorio de españois que chegan a Galicia para instalarse reduciu os números vermellos da dinámica demográfica endóxena. Posto que o saldo vexetativo dos autóctonos, desde o ano 2000 ata o 2005, arroxa un déficit de 58 mil persoas. Noutras palabras, en Galicia e durante os seis últimos anos, as defuncións teñen superado os

nacementos nunha cifra de nove mil como termo medio. Un exceso de falecidos sobre nados que se suaviza mercé ao “regreso dos fillos pródigos”. En suma, o saldo migratorio español tempera a caída do saldo vexetativo pero non o compensa de todo.

E chegan os estranxeiros cunha dobre contribución. O fluxo directo dos que veñen e o engadido dos que procrean e se establecen. É dicir, a poboación estranxeira, ao contrario que a galega, ofrece un exceso de nados sobre os falecidos da orde de 3 mil cincocentas almas, pero o que máis suma ao resultado final é o sobranse migratorio que rolda as 45 mil persoas durante o sexenio 2000-2005. Así pois, a inmigración estranxeira é a responsable de que teña crecido a poboación en Galicia nos primeiros anos do século XXI.

Pero o máis interesante para Galicia, se pensamos no medio prazo, é a dinámica demográfica da poboación estranxeira. Máis concretamente o seu comportamento natal, nupcial e mortal. É sinxelo apreciar na gráfica anterior a diverxencia de condutas e intensidades entre nativos e estranxeiros. Pero non estará de sobra dar uns indicadores para velo aínda máis claro.

TÁBOA 1

Data de referencia (a 1 de xullo)							
Indicador	1996,5	1999,5	2000,5	2001,5	2002,5	2003,5	2004,5
	-a	-b	-c	-d	-e	-f	-g
<b>POBOACIÓN ESTRANXEIRA</b>							
<b>Estructura</b>							
Peso da pob. feminina	50,93	51,87	52,46	52,73	52,54	52,41	52,31
Peso da pob. fem 15-49	70,91	71,33	72,47	73,47	73,47	75,06	72,86
<b>Taxas e indicadores</b>							
Taxa bruta de natalidade *	<b>20,4</b>	<b>18,9</b>	<b>18,0</b>	<b>15,9</b>	<b>16,6</b>	<b>17,5</b>	<b>17,2</b>
Taxa bruta de mortalidade *		<b>7,1</b>	<b>6,0</b>	<b>4,1</b>	<b>3,6</b>	<b>2,9</b>	<b>3,1</b>
Taxa bruta de nupcialidade *	<b>20,8</b>	<b>21,2</b>	<b>15,9</b>	<b>13,1</b>	<b>11,1</b>	<b>15,1</b>	<b>15,2</b>
Taxa de fecundidade xeral *	56,6	51,0	47,4	41,1	42,9	45,7	45,2
ISF ***	<b>1,78</b>		<b>1,50</b>	<b>1,31</b>	<b>1,28</b>	<b>1,41</b>	<b>1,38</b>
Idade media á fecundidade	28,25		28,92	28,57	29,13	28,82	28,69
<b>Peso en Galicia</b>							
Pob. estranxeira % Pob. Galicia	0,66	0,87	1,07	1,38	1,75	2,04	2,32
Mull. estranxeiras % Mull. Galicia	0,65	0,87	1,09	1,40	1,78	2,06	2,34
Estr. 15-49 % Mull. 15-49 Galicia	0,96	1,29	1,63	2,14	2,72	3,16	3,59
C. tot. estranx. % C.tot. Galicia	7,41	249,01	719,20	211,61	82,67	-4.200,92	97,89
C. vex. estranx. % C.vex. Galicia	-3,61	-2,66	-3,74	-5,01	-6,91	-8,71	-11,55
Nac. estranxeiros % Nac. Galicia	1,99	2,39	2,72	3,11	4,13	4,81	5,32
Def. estranxeiros % Nac. Galicia	0,00	0,57	0,61	0,54	0,61	0,55	0,70
Mat. estranxeiros % Nac. Galicia	3,26	4,20	3,89	4,43	4,64	7,65	8,56

A taxa bruta de natalidade dos estranxeiros é de 17 nados por cada mil persoas, mentres que a dos nacionais é de 7 por mil. Tamén o comportamento nupcial dos estranxeiros destaca sobre o nativo ao realizar 15 matrimonios por mil persoas ao ano fronte aos 4 matrimonios anuais por cada mil galegos. Coa taxa crúa de mortalidade sucede todo o contrario, sendo moito máis baixa entre os estranxeiros, a penas un 3 por mil contra os 10,5 falecidos ao ano por cada mil nativos. Esa baixa incidencia da mortalidade cabe achacala á xuventude da inmigración.


Sen embargo, o número medio de fillos tidos en Galicia por cada nai estranxeira (índice conxuntural de fecundidade) dinos que a súa conduta supera levemente a das autóctonas. Pois se as galegas teñen un nivel de fecundidade que non chega á metade do necesario para a substitución, as estranxeiras quedan un pouco máis arriba

pero tamén moi lonxe da reposición dunha filla por cada nai. En concreto, o ISF das nativas é de 1 fillo por muller fronte a 1,4 das estranxeiras. En ambos casos, trátase dunha fecundidade moi feble. E durante os últimos cinco anos o ISF das mulleres estranxeiras nunca superou o 1,5 como valor máximo e descendeu ao 1,3 en 2002. O potencial, neste punto, reside en que a idade media á fecundidade das estranxeiras é tres anos menos (28,7 anos) cá das nativas (31,4 anos).

Sexa como sexa o futuro, é de esperar que conforme os fluxos crezan a inmigración rexuenerará aínda máis, e cando o ciclo migratorio madure e se establezan de modo duradeiro, é razoable pensar que a fecundidade pode aumentar e con ela a descendencia final. O certo agora é que a diverxencia nas condutas entre nativos e foráneos xa se reflicte no diferente peso que adquire cada unha das variables.



**GRÁFICA 7.**  
**GALICIA 1-1-2005. POBOACIÓN SEGUNDO NACIONALIDADE**



Así, mentres que a poboación estranxeira supón o 2,3% da poboación total da CA, as mulleres estranxeiras en idade de procrear representan o 3,6% (gráfica 7) e o crecemento vexetativo dos estranxeiros o 5,3% respecto do saldo natural de Galicia. Por último, o peso dos matrimonios estranxeiros alcanza o 8,6% do total de matrimonios celebrados en 2004 en Galicia. En resumidas contas: a poboación estranxeira adquire máis relevancia demográfica canda menos enerxía despreza a conduta dos nativos, sendo así que o seu peso pasa á porcentaxe que ostenta no total da poboación.

Pero a evidencia presentada xa nos permite contestar a cuestión que nos formulamos ao principio respecto ao seu impacto demográfico. Sen dúbida, a pegada que deixa a inmigración na poboación de Galicia resulta estimable e a súa contribución parece decisiva para evitar a diminución, se ben non basta para neutralizar o declive demográfico; é dicir: o envellecemento da poboación que se produce na base da pirámide.

### QUE APORTAN OS INMIGRANTES AO MERCADO DE TRABALLO EN GALICIA?

En 2006, e como media anual, a CA galega superou o millón cento cincuenta mil ocupados (1.164.200) e cóntanse da orde de 108 mil parados. A suma constitúe o total de activos capturados pola EPA, que se eleva ao millón e cuarto de persoas. Pois ben, había algo máis de 50 mil estranxeiros activos entre ocupados e parados (51.300), o que supón un 4% do total da poboación activa. De modo que o peso dos activos estranxeiros é un 1 por cento superior ao que ostenta a poboación estranxeira respecto da poboación empadroada, que alcanza arredor do 3 por cento.

Os cincuenta mil traballadores inmigrantes de nacionalidade non española superan folgadoamente a cifra das trinta mil afiliacións de estranxeiros á Seguridade Social en decembro de 2006. Máis exactamente, a 31 de decembro de 2006 había 32.870 altas laborais fronte á estimación de 51.300 traballadores que se desprende da EPA.



**TÁBOA 2.**  
**COMPARATIVA TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E EMPREGO EN GALICIA**  
**DO CONXUNTO DE TRABALLADORES E DOS TRABALLADORES ESTRANXEIROS (MEDIA 2006)**

	MEDIA 2006					
	TOTAL TRABALLADORES			TRABALL. ESTRANXEIROS		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Pob. idade activa	2.372.675	1.132.325	1.240.350	71.025	30.825	40.200
Poboación activa	1.272.050	704.175	567.850	51.300	25.150	26.150
Poboación ocupada	1.164.050	661.350	502.850	43.000	22.750	20.250
Poboación parada	107.825	42.825	65.000	8.300	2.400	5.900
Inactivos	1.100.625	428.150	672.500	19.725	5.675	14.050
Taxa de actividade *	53,61	62,19	45,78	72,22	81,63	64,99
Taxa de paro **	8,48	6,08	11,45	16,29	9,65	22,54
Taxa de emprego ***	49,06	58,41	40,54	60,49	73,81	50,35

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. *Instituto Nacional de Estadística* ([www.ine.es](http://www.ine.es))

\* Taxa actividade= Activos/Pob. metade ano x 100  
 \*\* Taxa paro= Parados/Activos x 100  
 \*\*\* Taxa emprego= Ocupados/Pob. metade ano x 100

O resultado directo de comparar ambos conteos é que o volume de traballadores estranxeiros sen alta laboral rolda os 18.000 mil e que ese dato supón en torno ao 56% do número de afiliacións á SS.

Sen embargo, a conclusión non pode ser que ese é o monto de traballadores en situación irregular, pois as dúas fontes teñen diferente carácter. Así por exemplo, o rexistro da SS non mide as persoas que traballan senón situacións que dan lugar á obriga de cotizar á Seguridade Social. E certamente pode haber pluriactividade e pluriemprego entre os estranxeiros, o que redunda en varias obrigas de cotización e, polo tanto, dá lugar a máis dunha alta laboral. A EPA, por outro lado, non retrata dun modo representativo a irregularidade. Cinxámonos aquí á EPA, aínda que está claro que ningún dos rexistros que se utilizan habitualmente está fóra de culpa por así dicilo<sup>1</sup>. O que hai que coñecer son as súas lagoas e, desde logo, as súas bondades.

Unha vez aclarado que non son estatísticas estritamente comparables, o que cabe engadir é que a cobertura da Enquisa da Poboación Activa deixa máis que desexar canto máis exigua é a poboación

que trata de captar e representar. Ademais, tampouco captura por igual todos os tipos e categorías de traballadores estranxeiros dependendo do seu modo de vida, actividade económica e antigüidade de residencia. Sen embargo, valla o dato da diferenza entre EPA e Altas SS como unha pista sobre o volume de traballadores non declarados. Trátase unicamente dunha referencia que demanda seguir a súa evolución ao longo do tempo e realizar axustes e comprobacións

Segundo a fonte que estamos manexando, a Taxa de actividade dos estranxeiros superaba en 18 puntos porcentuais á dos nativos. A Taxa media nese ano era do 53% para os traballadores autóctonos e do 72% para os foráneos. Esa Taxa de actividade explícase tanto polo propósito da migración como pola estrutura da poboación estranxeira. Nunha palabra, pola selección migratoria. Os inmigrantes estranxeiros constitúen un grupo escollido e non representativo das poboacións de orixe e iso tanto polo seu proxecto migratorio, que é basicamente laboral, como polo seu reparto por xénero e idade.

Veñen para traballar e teñen esa actitude favorable desde que se decidiron a emprender a migración.

**TÁBOA 3.****TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E EMPREGO EN GALICIA****DO CONXUNTO DE TRABALLADORES NATIVOS E ESTRANXEIROS SEGUNDO SEXO (MEDIA 2006)**

	MEDIA 2006					
	TOTAL TRABALLADORES			MULLERES TRABALLADORAS		
	Total	Nativos	Estranxeiros	Total	Nativas	Estranxeiras
Taxa de actividade *	53,6	53,0	72,2	45,8	45,1	65,0
Taxa de paro **	8,5	8,2	16,3	11,5	10,9	22,5
Taxa de emprego ***	49,1	48,7	60,5	40,5	40,2	50,4

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. *Instituto Nacional de Estadística* ([www.ine.es](http://www.ine.es))

\* Taxa actividade= Activos/Pob. metade ano x 100

\*\* Taxa paro= Parados/Activos x 100

\*\*\* Taxa emprego= Ocupados/Pob. metade ano x 100

Se non encontran traballo nunha provincia iranse a outra e se tardan en atopalo nunha CA trasladaranse a outra rexión. De aí que o primeiro lugar de destino poida non ser o definitivo e que sexa necesaria a coordinación entre as CCAA para facerse cargo desta segunda migración interior dunha parte dos estranxeiros. Os mercados de traballo traspasan as demarcacións das CCAA e a competencia pola man de obra non se detén nos límites das autonomías.

Como é lóxico pensar, a súa Taxa de emprego é tamén superior á dos nativos galegos. Máis aínda cando a man de obra estranxeira é nova na súa maior parte e, sobre todo, ao principio do ciclo migratorio. O foráneo vén traballar con toda decisión naquilo que se lle ofrezca. O resultado que cabe esperar de todas estas circunstancias é que o emprego sexa a situación máis frecuente entre a poboación estranxeira. E así sucede, pois a súa Taxa de emprego é once puntos superior á dos nativos. Os datos din que a Taxa de emprego dos galegos é do 49% fronte ao 60% dos estranxeiros. Ademais, a intensidade do emprego dos traballadores foráneos rexistra oscilacións máis fortes segundo o momento en que se mida, e así no cuarto trimestre de 2005 alcanzou o 58%, é dicir, un catorce por cento por enriba da dos nativos. O que nos confirma o feito da maior temporalidade dos seus contratos e da súa ampla flexibilidade laboral.

Esa maior disposición ao traballo por idade e necesidade non sempre colleita bos resultados. A debilidade das súas redes de contacto e de sostén así como a inadecuación das súas aptitudes ás demandas do mercado repercute no nivel do seu desemprego. A súa Taxa de paro supera a dos galegos. O 16,3% de media para os estranxeiros e un 8,5% de desemprego para os nativos. E aínda é maior a diferenza (case once puntos) se se toma como referencia o cuarto trimestre do mesmo ano. En suma, cando hai máis actividade, maior é a ocupación e o paro entre a poboación estranxeira, o que significa que son máis flexibles e ao tempo máis vulnerables laboralmente do que os nativos.

E aínda o son máis as mulleres estranxeiras que veñen traballar a Galicia. A súa Taxa de actividade supera en vinte puntos a das mulleres galegas (45% fronte a 65%), mentres que a súa Taxa de emprego (50,4%) é dez puntos máis alta cá das nativas. Por fin, o desemprego é superior nun once por cento, de modo que a Taxa de paro das galegas sobe ata o 10,9% e a das mulleres inmigrantes non españolas chega ao 22,5%. Non debemos subestimar o papel que a falta de recoñecemento dos títulos formativos e o proteccionismo do mercado autóctono teñen á hora de dar conta do exceso de desemprego entre os traballadores foráneos.

É cuestión de tempo e de igualdade de trato que o desemprego dos traballadores estranxeiros

se aproxime ao dos nativos en idénticas circunstancias. A antigüidade de residencia rebaixa a temporalidade nos contratos e acrecenta a valoración positiva que pode imprimir a diversidade cultural na realización do traballo e nos incrementos da innovación e a produtividade. Se, pola contra, se prosegue coa segmentación xurídica e real e se aplica a preferencia nacional para a discriminación, entón o desemprego duplicará como media o dos nativos. E o triplicará se ademais a discriminación opera con prexuízo cultural, o ciclo económico anda en horas baixas e a reserva de brazos sexa abundante.

Pero iso non significa que a composición sociodemográfica (idade, xénero, ciclo familiar e dominio do idioma) da forza de traballo foránea non teña repercusión no ritmo da súa integración laboral e da súa mobilidade ocupacional. Canto maiores sexan os seus recursos educativos máis adaptables serán as súas aptitudes a diferentes sectores de actividade e máis fácil e rápida será a súa transición dunha a outra ocupación. Nas crises vadéanse mellor os pescozos de botella que desembocan no paro canto máis excedente é a capacidade para desempeñar diversos labores en actividades menos tocadas pola mala conxuntura. E xunto á formación, a pericia ou habilidade práctica e o coñecemento do idioma tamén favorecen o progreso na escala laboral.

## CONCLUSIÓNS

Despois desta descrición tan sucinta non cabe concluír en sentido estrito. Acaso propoñer que dado o incipiente do ciclo da inmigración estranxeira e tendo na cabeza que nos atopamos nunha encrucillada migratoria, a tarefa que cabe acometer, iso si, convén facela en grupo pluridisciplinar, é a de debuxar a Transición Migratoria de Galicia. Debuxar os fluxos de emigración polo interior de Galicia, cara a outras CCAA e tamén de camiño ao estranxeiro. E ao tempo establecer o balance e contraste das saídas coas inmigracións que nos chegan desde outras rexións de España e desde outros países.

Esa obra colectiva, se se fai ben, vai producir boa e oportuna teoría de actualidade e con futuro. Pois cada vez son máis os países que viven na encrucillada. Nacións que son fronteira e destino, espazos de cruce que se converten en receptores e emisores. Lugares de tradición emigratoria e que rexeitan a acollida, en fin, xeografía de múltiples identidades, suxestivas no plano da acción e no da contemplación.

Sobre o subtítulo deste capítulo, é dicir, sobre as oportunidades da inmigración para Galicia, responderemos que *o baleiro demográfico que deixou a emigración non pode ser colmado pola inmigración*. Porque se requiriría recibir uns fluxos de alta intensidade, continuados no tempo e afastados das pautas autóctonas. Sendo así que recibimos fluxos de pouca envergadura compostos ademais por unha poboación próxima culturalmente que non presenta comportamentos reprodutivos desmesurados senón máis ben o contrario. E sobre o aporte dos traballadores estranxeiros aos mercados de traballo vimos que as Taxas de actividade e de emprego son máis altas incluso entre a man de obra feminina. Argumento que á vez denota conveniencia e necesidade pero que, moi probablemente, reflicte a inmadureza do ciclo da inmigración estranxeira dentro da Transición Migratoria.

## NOTAS

- \* Este texto foi a base dunha conferencia ditada no Consello da Cultura Galega en xuño de 2005. Este capítulo é unha versión actualizada, corrixida e ampliada. Agradezo a Raquel Martínez Buján e Diego López a súa axuda á hora de actualizar os datos.
- <sup>1</sup> Así, por exemplo, no *stock* de autorizacións de residencia non aparecen todos os residentes que están renovando o seu permiso nin o *stock* de asilo e refuxio, tampouco os estudantes universitarios que teñen unha autorización de estancia (30.000), nin o continxente de traballadores temporais ou os traballadores transfronteirizos (5.000).

Para unha comunidade como a galega, que perde poboación pola súa estrutura demográfica avellentada, a chegada de inmigrantes supón unha entrada de aire xoven e posibilidades de maquillar a preocupante merma de vitalidade demográfica. Supoñemos que esa predisposición a procrear máis diminuíra cos fillos dos actuais inmigrantes, educados e formados nos valores da nosa cultura.

En Galicia este aporte debería verse como unha bendición e non como unha ameaza. De aí o reto de ofrecerlles estabilidade laboral e facerlles atractiva a nosa cultura. Dende o meu punto de vista Galicia ten unha maior vantaxe que outras comunidades para afrontar este reto. Para empezar nós fomos e seguimos sendo emigrantes. Sabemos dos seus padecementos. Todas as comunidades máis avanzadas sono gracias ao traballo e dedicación ofrecido por moitos inmigrantes que permitiron o desenvolvemento das potencialidades existentes e incluso enriqueceron a cultura do país de acollida. Os recién chegados se ven fortaleza na cultura de acollida asimiláran a través dos seus fillos as claves para a súa integración e se identificarán co proceso aberto da creación cultural.

Outra vantaxe de Galicia é a gran cantidade de embaixadores que están repartidos por moitos países de procedencia dos actuais inmigrantes a través da chamada quinta provincia da diáspora. Resulta inexplicable que a estas alturas non haxa máis relación con estes países. Actualmente, en Galicia, hai arxentinos, netos de antigos emigrantes galegos en Arxentina, rexentando negocios de hostalería aquí. Ese viaxe de ida e volta resulta moi interesante e facilita a integración.

A cultura tradicional galega conserva temas e formas festivas coas que se pode identificar un inmigrante latinoamericano. Non hai tanta lonxanía. A propia cultura galega experimentou influencias dese fenómeno migratorio padecido no noso país no pasado máis recente, dende a arquitectura á gastronomía pasando pola música. Moitos son os chiscos que recibe un inmigrante latinoamericano en Galicia. Estamos en vantaxe respecto doutras comunidades como Cataluña ou Madrid.

Mesmo esa dosificación coa que chegan os inmigrantes tampouco é mala. O propio mercado serve de regulación do fluxo. Con todo o que debe preocuparnos non é esta primeira xeración senón os fillos destes. En Francia os problemas viñeron de franceses fillos de inmigrantes porque non son recoñecidos e carecen de medios de vida estables. Por iso hai que ir convencéndonos que os futuros Brais ou Sabelas serán moreniños de pel e sería bo non perder o tempo para conseguir que... se expresen en galego, traballen de forma estable, teñan incorporado o cocido ou o polbo na súa dieta e xoguen no Celta ou no Depor.

### **Humberto Martínez**

*Estou de acordo. Convennos a inmigración familiar, non só polo efecto na renovación da poboación, senón tamén pola súa influencia na cohesión social. A clave da integración é un mercado de traballo dinámico que ofrezca vías de axuste entre formación e ocupación para que os fillos dos inmigrantes de hoxe progresen mañá por riba dos seus país.*

*Recoñecer as titulacións e reforzar os servizos públicos en particular no ensino e saúde. A inmigración é desenvolvemento sempre que se sosteña na igualdade de dereitos e de oportunidades.*

### **Antonio Izquierdo**

# GALICIA: DE POBO EMIGRANTE A ESPAZO DE ACOLLIDA

Xosé Luís Barreiro Rivas

Universidade de Santiago de Compostela

*“Non maltratarás o forasteiro, nin o oprimirás,  
pois forasteiros fostes vós no país de Exipto”.*

Éxodo 22, 20.

## ONDE HAI VIDA TAMÉN HAI PATRIA

Vistas á luz da historia, e aínda máis se adoptamos unha perspectiva netamente europea, as migracións deberían considerarse como un movemento “natural” da poboación, tan inexorable como o seu proceso de crecemento, o seu envellecemento, a súa organización familiar ou a súa inculturación. O pobo galego, na súa dobre condición de emigrante e de comunidade de acollida, debería ter aprendida esta lección, aínda que non sempre somos capaces de desprendernos da visión da emigración como un suceso –circunstancial e puntualmente motivado–, para vela como un proceso histórico interminable.

As fronteiras, e os intereses que estas fronteiras protexen, son un feito artificial que os individuos sofren pero non recoñecen como algo esencial, e por iso todos os grupos humanos recorreron ás migracións como unha forma normal e insubstituíble de reequilibrar as situacións derivadas dos procesos económicos, das catástrofes naturais (secas, terremotos, fríos...), das ansias do desenvolvemento humano que se resume nos procesos civilizatorios, e do desigual crecemento da poboación en relación á súa capacidade para alimentarse e proveerse dos recursos que lle son básicos ou considera necesarios.

A migración é o primeiro feito social da historia do home, e é pola súa condición polo que se pode cumprir o mandato de poboar a terra, como expresión mítica e relixiosa do principio de supervivencia que empuxa os colectivos humanos a buscar un lugar axeitado para o desenvolvemento e instalación das xeracións futuras.

Paulo Orosio, seguindo nisto a tradición estoica, xa fixera unha definición da patria como unha resultante dos procesos de asentamento que

equilibran os asentamentos humanos: *ubique patria ubique lex et religio mea est*, abrindo unha tradición que eu mesmo vin reflectida na forma en que os veciños da Terra de Montes razoaban a súa desbandada –entre 1950 e 1980– cara ás Américas primeiro, e cara a Europa despois:

“A miña patria está onde hai alimento para a familia e educación para os fillos”.

## UNHA ABORDAXE POLITOLÓXICA DO PROBLEMA

Cada vez fálase máis das transicións políticas cara á democracia. Pero cada vez tamén se demostra con máis eficacia a estrita conexión que existe entre desenvolvemento económico e desenvolvemento político. E por iso non se explica por que a Ciencia Política non empeza a establecer a categoría dos condicionamentos económicos que manteñen as ditaduras e a pobreza e empuxan cara ao benestar e á liberdade masas enormes de desesperados que, sobre o feito de vivir en condicións de pobreza e ditadura, reciben a diario o incentivo cultural que se desprende das imaxes e o mito das sociedades avanzadas, e do que a conclusión é que todos os riscos son poucos cando se trata de acadar o Paraíso terreal e de meter nel os seus fillos.

A abundancia de mulleres embarazadas que cruzan nas pateras fainos pensar que, lonxe de estar a funcionar como unha barreira, o embarazo está a funcionar como un incentivo, que opera sobre a persoa que, no momento de preguntarse polo futuro, non ten diante máis que o baleiro.

Negar ou coartar de xeito radical o dereito ás migracións sería tanto como vincular o home á terra e aos procesos económicos e políticos que sobre ela se desenvolven, e por iso ten unha lóxica

absoluta o feito de que, a partir de finais do século XVIII, cando empezan a formularse e obxectivarse os dereitos do home, os movementos migratorios teñan sido considerados como un feito que se deriva da propia concepción do home como ser social, racional e libre. E de aí dedúcese que o dereito á migración apareza recollido na *Declaración Universal dos Dereitos do Home*, na *Carta Social Europea* e no *Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos*.

Hai que dicir, non obstante, que a migración é un acto complexo, en cuxa descrición caben sempre a emigración e a inmigración, e que, mentres existe unha razoable tendencia a xeneralizar o dereito de emigración, que implica as perspectivas sociais e económicas do país de orixe do movemento migratorio, tamén existe unha visión moi restritiva que se fai dominante nos países de destino, nos que prevalece unha visión estritamente economicista da inmigración, que só nalgúns casos se ve matizada ou condicionada por razóns políticas. E dende esta perspectiva é cada vez máis evidente que, lonxe de ser considerada como un movemento natural da poboación, e como un dereito do home, a inmigración contéplase exclusivamente como unha opción económica con certas tinturas solidarias, cunhas formas e regulamentacións que se establecen exclusivamente en función das conveniencias da comunidade política de destino, e nunca en función das circunstancias que a provocan en orixe.

Por iso estamos a entrar nunha política que, sobre o feito de ser mesquiña e inxusta en case todas as ordes, estase a conformar ademais como unha auténtica dislexia, de tal xeito que, as mesmas regulamentacións que os países avanzados establecen para garantir os procesos de integración social e de igualdade de dereitos da poboación inmigrante, convértense de feito no máis eficaz instrumento de continxentación, filtro e selección produtiva das correntes migratorias.

O que en Europa ou nos Estados Unidos se presenta como un avance na xeneralización e garantía dos dereitos do inmigrante contéplase noutros países como unha pura negación do dereito

a emigrar, e o que nos países máis avanzados se presenta como unha política de integración laboral e social plena, convértese de feito nunha forma de xestionar a inmigración en función da demanda laboral, máis atenta ás cualificacións e á tipoloxía dos traballadores acollidos que ás motivacións que xera en orixe o movemento migratorio.

## CONTINXENTACIÓN E SELECCIÓN VERSUS REGULACIÓN

Ao dicir que as migracións son un movemento natural queremos dicir que é tamén inevitable, polo que non se debería considerar como unha política migratoria aquela que parte do suposto de que as migracións poden erradicarse, ou que poden administrarse como un feito económico e a conveniencia de quen as contempla dende o punto de destino, ou que poden gobernarse mediante procesos selectivos que, lonxe de aliviar a situación das poboacións desprotexidas, se limitan a espoliar recursos humanos, de traballo e intelixencia, ao servizo das sociedades máis desenvolvidas.

Se facemos memoria histórica de como se tratou a cuestión migratoria dende mediados do século XIX, e moi especialmente no XX, veremos que, sobre unha serie de argumentos e valores que agora se empregan para frear a inmigración, entre os que destaca a preocupación pola cohesión interna das sociedades occidentais e pola vixencia dunha cultura plural e laica nos aspectos institucionais e cristiá na perspectiva moral, os países occidentais, e moi especialmente a Unión Europea de hoxe e os Estados Unidos do século pasado, trataron a inmigración cun criterio estritamente economicista, tirando dela cando precisaban man de obra, e freándoa sen contemplacións cando a presenza desa man de obra implicaba un simple desaxuste das magnitudes económicas do sistema, e sen que en ningún momento se tivesen en conta as razóns, tamén económicas, que esas mesmas migracións tiñan en orixe.

Por iso cabe dicir que, lonxe de ter xerado auténticas políticas migratorias, rexidas por principios humanitarios e que contemplan o fenómeno en toda a súa complexidade e dende



todas as perspectivas, xeramos políticas laborais relativas á emigración, que só nun proceso ulterior, e de xeito complementario, xeran as políticas de integración social e cultural que tratan de controlar a evolución dunha sociedade cara á multiculturalidade e á multietnicidade.

A pregunta que hoxe nos podemos facer é se esta perspectiva das migracións cambiou substancialmente e na boa dirección, ou se, ao contrario, estase a facer reaccionaria e sobre os mesmos principios de sempre. E nese senso non nos cabe máis remedio que constatar que a Unión Europea, que nestes momentos constitúe a Meca desexada de todas as migracións, está claramente ancorada nas políticas laborais de base migratoria, que non ten ningunha política de inmigración que implique a perspectiva dos países de orixe, e que mesmo parece ter empezado a deslizarse por unha pendente de represión e falta de perspectivas que non fai máis que agravar o problema e encher o futuro de nuboeiros.

## UN FEITO QUE NOS DESBORDA COMO POBO E NOS AFECTA COMO UNIDADE POLÍTICA

En Galicia aínda non se ten manifestado con auténtica crueza o problema migratorio, que agora sería claramente inmigratorio. O noso imaxinario colectivo aínda fica preso dos grandes procesos de emigración que, ao tempo de debilitar de forma dramática a nosa sociedade, tamén serviu para incrementar a nosa conciencia de identidade e os recursos postos ao seu servizo. Quizás por iso podemos falar hoxe, convertidos nun pobo de acollida, dunha concepción en certa medida romántica –tamén historicista– das migracións.

Pero a visión do que aconteceu e acontece noutras sociedades europeas –Francia, Alemaña, Holanda e o Reino Unido especialmente– e noutras colectividade españolas –nomeadamente Cataluña, Valencia, Levante, Madrid e Canarias– ponnos ante a evidencia de que as migracións –tan inevitables e xustas como as temos descrito– producen un problema de fragmentación axiolóxica e económica da sociedade, e implican unha

confrontación entre os valores culturais que utilizan as comunidades inmigrantes para manterse unidas e favorecer –paradoxalmente– os seus procesos de integración, e aqueloutros valores que, gañados con forte sacrificio e no medio de grandes e atroces conflitos, fundamentan hoxe os nosos modelos de vida social e familiar e os valores da nosa sociedade política. E por iso temos que ser conscientes de que o fenómeno migratorio, ben sexa na súa versión emigratoria ou inmigratoria, implica un enorme esforzo nos eidos relativos á conservación da identidade, ao diálogo cultural, á integración de sistemas axiolóxicos nun modelo plural e aberto, e ao respecto de culturas e crenzas alleas que, debendo ser acollidas cunha sistemática pluralista, precisan facerse compatibles cos nosos modelos de convivencia social e política.

E por iso estamos obrigados a falar das políticas migratorias cun senso de responsabilidade que soamente pode ter recoñecemento e eficacia política no marco das grandes políticas migratorias europeas, ás que nós podemos contribuír, pero que non podemos controlar. No marco das políticas interiores, as políticas migratorias teñen moito que ver coas políticas sociais e educativas. Pero no marco dos grandes movementos de poboación necesitamos que as políticas migratorias europeas se aveñan a crear marcos de acollida nos que a solidariedade e os intereses económicos de tódalas partes implicadas teñan cabida eficiente. Xa que logo, e dende unha perspectiva galega, as claves dunha política migratoria europea deberían pasar por:

1. A unificación das políticas migratorias da UE, que permitisen un control xeral do problema e estudasen os recursos dispoñibles en función dos intereses do conxunto.
2. Unha política de integración efectiva dos inmigrantes asentados en Europa, que atallase a crecente construción de guetos de marxinalidade ou de fragmentos de sociedades que son impermeables á cultura e aos usos sociais europeos e agudizan a distancia cultural que nos separa.
3. Unha política de redución da inmigración ilegal, que evite o *gap* de desorde ou criminalidade

que hoxe constitúe a vía de entrada e asentamento para poboacións que, por unha banda, son consentidas en función das necesidades de man de obra temporal e ás que, por outra banda, se lles nega a posibilidade de traballar dignamente e de inserirse con normalidade na sociedade europea.

4. Unha política de acollida que evite o campo de actuación de mafias e asociacións delituosas de entrada e instalación, e que poña coto ao drama que se vive nas costas mediterráneas de Europa.
5. Unha política de cooperación económica coas áreas de orixe das migracións a Europa, que sirva para moderar o fluxo de man de obra, permita os regresos organizados e facilite a preparación e control dos grupos de traballadores que queren ou necesitan inserirse na sociedade europea.
6. Unha política de migracións baseada na igualdade de trato de tódolos grupos humanos, que non discrimine con tanta evidencia os inmigrantes en relación coa súa cultura, a súa lingua ou a cor da súa pel, e que non aplique as leis á conveniencia e ao arbitrio das decisións nacionais.

Sobre estas políticas xerais, os galegos estamos obrigados a engadir, na realización das políticas internas, dúas grandes liñas de actuación:

1. Unha política de distribución interna das migracións que evite a formación de aglomeracións conflitivas, xa sexa por razón de inseguridade, xa sexa pola sensación de ruptura social que se produce en determinadas situacións.
2. Un modelo educativo integrador que impida a existencia de colexios especializados dentro do sistema público.

### **A INMIGRACIÓN SELECCIONADA É UNHA EXPLOTACIÓN DISIMULADA**

Esta visión natural dos movementos migratorios alértanos tamén contra a visión aventureira do fenómeno, ou contra a idea de que só deben

considerarse como movementos normais aqueles que están provocados por unha causa extrema que nun período curto de tempo despraza fortes continxentes de poboación, porque as razóns que compelen a unha persoa a abandonar a súa residencia habitual poden ser tan fortes en tempos de paz e de estabilidade como en tempos de guerra, posto que o que adoita buscar o emigrante é a ruptura dun límite social, cultural ou económico que compromete as súas posibilidades de desenvolvemento individual ou colectivo, e da que non se pode apreciar a gravidade só en termos absolutos (límite de supervivencia) senón en termos de comparación con outras situacións que, ben sexa na contorna inmediata ou en áreas de relación especialmente influentes, determinan o horizonte da colectividade.

Por último, a visión das migracións como un movemento natural da poboación impide manexar como algo certo a falsa idea de que a presión migratoria é indefinida, e que só se pode deter con medidas restritivas, posto que, ao ser un proceso de equilibrio demográfico de amplo espectro, tende a deterse a medida que ese equilibrio se restaura ou que os incentivos para a emigración creados polos desequilibrios económicos e sociais tenden a igualarse cos fortes custos que o emigrante debe satisfacer a cambio da súa inserción noutra sociedade distinta.

### **A RESPONSABILIDADE DUNHA DIAGNOSE ACERTADA**

O primeiro que hai que constatar é unha paulatina pero constante transformación dos significados das migracións, que van acoutar un panorama estritamente determinado polas migracións laborais. E dentro destas, a tendencia crecente cara a un “diagnóstico benévolo”, onde toda mestura aparece como positiva e todo pluralismo –tamén axiolóxico– como un valor indiscutible. Por iso se chega a unha situación idealizada na que as restricións migratorias son encubertas baixo a decisión de plasmar políticas avanzadas de igualdade laboral e protección social que, por ser imposibles en réxime aberto, xustifican a continxentación unilateral.



O perigo dos diagnósticos benévolos:

Todo diagnóstico benévolo é o principio dun erro e dunha mala solución. Entre os diagnósticos benévolos hai que contar:

1. Os que din que a mistificación cultural é unha bendición.
2. Os que pensan que todo control migratorio é evitable e é negativo.

Se é certo –e eu penso que si– que as migracións constitúen o problema máis importante da Europa actual, e que a súa gravidade tende a medrar de xeito acelerado e en proporción xeométrica, non parece unha boa idea seguir a tratar este tema sobre a base dun *discurso correcto* que, construído en termos xeneralistas e de imposible contradición, resulta estéril dende o punto de vista intelectual, e inoperante no eido das solucións políticas.

En consecuencia, postos a sentar as bases para unha nova reflexión e novos diálogos, teremos que empezar recoñecendo que esta epidemia de *tratamento correcto* afecta por igual, e polos mesmos motivos, ás institucións do Estado, ás organizacións sociais, aos intelectuais e ás Igrexas cristiás que son maioritarias en Europa. Porque, despois dun milenio de cultura esencialmente cristiá, sobre a que se forxaron as institucións europeas, ninguén sabe a ciencia certa como resolver o que, dende a visión actual, se amosa como unha espiñenta contradición entre a integración funcional das nosas sociedades e a aparición de novos grupos humanos, de importancia e dimensións crecentes, que operan como fragmentos comunitarios<sup>1</sup> incrustados nunha sociedade coa que non sempre poden ou queren fundirse.

No marco dos complexos procesos que deron lugar ao nacemento da idea de Cristiandade, sobre a que se reconstrúe –trala invasión dos bárbaros– a unidade social e cultural do Occidente (Barreiro, 1997: 64-98), e a pesar do modelo de equilibrio armado que presidiu o nacemento dos Estados europeos e nos abocou aos maiores e máis sangrentos conflitos da humanidade, os europeos logramos unha sociedade profundamente integrada e cohesionada, na que se comparten os valores

éticos e morais, os modelos de organización social e familiar, os criterios estéticos e artísticos, e as formas básicas da vida relixiosa.

Sobre eses mesmos feitos, aínda que en aparente contradición con eles, creamos tamén a idea dun Estado laico e plural sobre o que se asenta a comprensión e o desenvolvemento da moderna idea de liberdade e igualdade dos homes e o exercicio da democracia.

Finalmente, nun contexto de desenvolvemento económico e social que en modo algún supera o exame dunha xustiza global, sentamos as bases dunha política altamente solidaria, plasmada no modelo europeo do *Estado de benestar*, que só entre nós acada niveis de implantación aceptables.

E o que agora nos sucede é que, cando parecían abrirse aos nosos ollos as sendas dunha longa paz e estabilidade política, a atracción que exercen as nosas cotas de benestar económico e liberdade política empeza a poñer en dúbida o futuro do noso modelo, ameazando con fragmentar de novo a nosa sociedade e reabrir no seu seo os conflitos de outrora.

E esa fragmentación non é só, nin sequera principalmente, racial ou económica. É, sobre todo, a irrupción de novos credos e novos universos éticos e morais, a ruptura dos modelos institucionais e familiares, a reaparición de sistemas sociais articulados sobre actitudes que son, nas nosas coordenadas sociais, sinxelamente discriminatorias, e a reaparición de novos cosmos relixiosos e culturais que –no momento no que se acade unha cota media de entre o 10 e o 25% da poboación total da UE– porá en cuestión ou relativizará algúns dos principios da nosa sociedade, que xa consideramos laicos, acadados e construídos con singular esforzo e dramatismo.

E neste sentido pode dicirse que, sendo a inmigración unha constante na historia de Europa, estamos non obstante ante un reto diferente a tódolos anteriores. Porque tamén as migracións se mundializaron e desbordan as contornas inmediatas, e porque é a primeira vez que chegan un gran número de persoas que, lonxe de ter aceptado a idea de asimilarse á cultura de acollida

e integrarse individualmente nela, aspiran a construír unha sociedade multirracial, multiétnica e axioloxicamente plural, reclamando o seu dereito a *seren diferentes* e a inserir a súa diferenza no que ata agora tiñamos concibido como un “*cosmos*” case perfecto, ou como o noso propio mundo.

E iso que, considerado en si mesmo, antóllasenos como algo bo e, en calquera caso, inevitable, implica tamén algo que poucas veces nos atrevemos a dicir con toda a súa crueza: o final dunha longa etapa de sociedades integradas e unha ameaza evidente para o noso actual modelo de convivencia. É a ruptura dun universo de símbolos e a necesaria apertura dun novo proceso de construción social que, visto nos seus termos máis radicais, condúcenos a un final máis que incerto.

As nosas cidades están empezando a cambiar a xeografía e a definición dos seus espazos. O sentido do común e do público, que é esencial ao modelo europeo, está en franco retroceso. A idea do Estado, interiorizado como fonte e garantía da igualdade e do dereito, debilítase. A experiencia dunha sociedade presidida por un consenso axiolóxico case xeral fai quebra, os modelos educativos xeneralizados fanse case inviables, as diferenzas sociais dispáranse e as minorías relixiosas reclaman o seu dereito a unha presenza pública que aspira a romper o práctico monopolio da cultura cristiá.

A poligamia, o trato diferencial ás mulleres, a xerarquización social e os poderes paraestatais –comportamentos fundamentalistas, mafias organizadas, sistemas de organización de grupo– están a facer a súa tímida aparición, e moitos cidadáns empezan a ver a inmigración non como un complemento da súa economía ou da súa cultura, ou como unha liña de solidariedade cos desfavorecidos, senón como unha ameaza ao seu estilo de vida e como unha restrición crecente no marco do benestar e das liberdades que gozaban.

E nese sentido hai que recoñecer que os precedentes –ou polo menos os precedentes europeos– valen de pouco, e que distamos moito de estar ante fenómenos equiparables ao que foron as migracións dos europeos mediterráneos cara

á Europa Central, ou do que foron os continxentes de españois emigrados a Sudamérica. E ata me atrevo a dicir que tampouco o caso máis próximo das migracións cara aos Estados Unidos de América do Norte, posto que, mentres aquelas se produciron durante o proceso de nacemento e estruturación da nación, e axudaron a conformala, as migracións cara a Europa prodúcense en plena madurez do Continente, con estruturas sociais pouco flexibles e con modelos institucionais moi acabados.

Se se mira ben, a problemática xerada pola inmigración a Europa non está definida nin polo racismo nin polos efectos sobre o modelo económico, senón polo risco de desestruturación social que intúen os cidadáns a medio prazo. E, posto que ese problema ten fundamento real, non convén diluílo, de ningún xeito, no medio dun discurso feito de grandes principios encadeados, salvo que se queira correr o risco de estalidos sociais incontrolados.

E esa dificultade só se pode resolver se, mediante un proceso de desarmamento que afecta a moitas ideas e valores tidos outrora por fundamentais, abrimos paso cara a conxuntos axiolóxicos de ampla aceptación, nunha liña que, a falta de posteriores precisións, considero moi coincidente coa *ética mundial* preconizada por Hans Küng, na que vai implícita a superación de certas rixideces estruturais que fixeron viable o noso modelo social (Küng, 2001: 148-158).

Se, por exemplo, se van multiplicar os matrimonios mixtos entre crenzas diferentes, como imos afrontar a educación humanística e relixiosa dos fillos nados desta sociedade multicultural e multirrelixiosa?, imos modificar a institución matrimonial e familiar e os seus supostos morais básicos?, estamos dispostos a modificar o consenso axiolóxico que orienta a convivencia social?, como imos afrontar a presenza de formas relixiosas compatibles coa poligamia ou a discriminación sexual?, imos compartir de bo grao os recursos necesarios para o mantemento dunha idea de liberdade relixiosa que cada vez se basea menos na existencia de excepcións insignificantes para

poñernos ante a aparición de grupos con crecente influencia sobre a realidade social?, como facer fronte ás relixións que –como o Islam– manteñen o principio de infidelidade dos credos alleos, ou defenden de feito a confesionalidade activa do Estado? E non se trata, en modo algún, de levar a nosa reflexión por vereas alarmistas. Trátase de preguntas que, estando aí, na realidade cotiá, aínda non constitúen máis que un avance do que pode ser a nova situación.

Tamén dende o punto de vista político enfrontámonos a retos apenas intuídos. Como se vai manter o pluralismo político no marco dunha sociedade multicultural e multiétnica? Como se pode construír unha sociedade plural sobre diferenzas tidas por esenciais e substantivas? Que efectos vai ter sobre os nosos sistemas democráticos a presenza de criterios axiolóxicos que son claramente incompatibles coa nosa idea da igualdade, a liberdade e o benestar? Onde está, e como se sinala, o límite do respecto á diversidade e onde empeza a necesidade de afianzar e defender os valores que son esenciais para a pervivencia da sociedade occidental?<sup>2</sup>.

Para os que construíron o Estado laico europeo, todas estas cuestións tiñan unha resposta meridianamente clara. Porque, unha vez asentado o principio da identidade cristiá, ou o valor supremo da liberdade individual e a igualdade de tódolos homes ante a lei, ninguén poñía en dúbida que a aceptación do modelo social e institucional establecido era a condición esencial para a pertenza á comunidade, e que a crecente homoxeneidade social era un valor en si mesma, que garantía a viabilidade das sociedades construídas.

Pero iso non vale para a situación actual, onde a mistificación cultural constitúe –polo menos no discurso correcto– un *prius* de valor sobre as esixencias funcionais das sociedades establecidas. Conveño en afirmar, con Giovanni Sartori, que a idea de pluralismo que constitúe o núcleo central das sociedades libres e democráticas non coincide, e ata pode ser contraditoria coa pluralidade derivada da coexistencia de grupos, etnias, credos,

razas e sistemas axiolóxicos diferentes (Sartori, 2001: 31-39). E teño moi presente tamén que os criterios de tolerancia e multiculturalismo que dominan o discurso actual non poden realizarse sen unha correlativa afirmación de principios que, precisamente pola súa diferenza, esixen e fundamentan un diálogo recíproco e aberto.

E por iso paréceme que, polo que respecta ao discurso público, a sociedade europea está aínda moi lonxe dun verdadeiro diagnóstico do problema da inmigración e, por conseguinte, dos camiños que debe elixir para darlle unha solución correcta.

Fronte á moi estendida idea de que o problema é fundamentalmente económico –tanto nas súas orixes como no seu destino–, e por máis que se estenda a complexidade desta análise economicista, creo, sinceramente, que este aspecto da cuestión é o menos importante. Porque, se somos consecuentes cos modelos que inspiran e serven de pauta de interpretación das economías occidentais, teremos que aceptar que a propia dinámica que hoxe activa os movementos migratorios tenderá naturalmente a frealos cando diminúan as expectativas dos que, segundo que perspectiva, ofrecen ou demandan traballo. E por iso creo que o verdadeiro problema, o que vai prolongarse máis aló das tensións xeradas polas migracións chamadas “ilegais”, vén da posibilidade de que unha proliferación de grupos estruturados e de formas sociais, éticas e relixiosas diferentes abran un proceso de fragmentación social que, lonxe de resolverse nunha síntese social renovada, determinen a reaparición de divisións que, sobre a súa presumible inxustiza intrínseca, reintroduzan fortes tensións sociais, políticas e relixiosas nos países europeos.

## O CAMIÑO A SEGUIR

O camiño a seguir é teoricamente moi simple e practicamente moi complexo, e esixe por iso un diagnóstico certo, tanto dos problemas reais como das actitudes que mantemos uns e outros ante estes problemas.

Que Europa asuma a idea dun desenvolvemento solidario dos países de orixe, e que as nosas sociedades desterran os modelos racistas e xenófobos ou a explotación laboral dos inmigrantes, non implica que teñamos respostas prácticas para todo iso. E sería unha grave irresponsabilidade pechar os ollos ao feito de que, alí onde a inmigración se manifesta con toda a súa crueza –porque é un fenómeno desigual no mapa europeo– estanse agravando os problemas relativos á educación, á vivenda, á sanidade, á orde pública e á integración social, sen que ninguén acerte a apuntar medidas que, sendo politicamente realistas, resulten tamén efectivas.

Fronte ao reto que supón a existencia de grandes migracións, aínda hai quen prefire pensar que a gran fortaleza da cultura e da sociedade occidental acabará por diluír todas as diferenzas nunha nova síntese enriquecedora, que manteña o núcleo substancial das nosas crenzas e valores e nos permita seguir a entender ao noso modo a política e o poder. Pero se non se pensa así, e se non se quere correr o risco dun conflito inesperado, deberíamos iniciar canto antes o proceso de cambios internos que permita dialogar cos que veñen a Europa e ao noso ámbito de identidade galega.

Porque non debemos enganarnos. Neste momento non estamos preparados para dialogar, salvo que o fagamos dende unha soberbia prepotencia que aínda nos impele a ensinalo todo e a todos. Por non saber, nin sequera sabemos con toda exactitude cal é e como se formula o acervo irrenunciabile da nosa identidade. E ese problema, que é certo para todos, éo máis aínda para comunidades que fixeron da súa cohesión e identidade un mecanismo de solidariedade e de empuxe fronte aos retos da globalización e da desestruturación social, entre as que Galicia, emigrante onte e punto de inmigración agora, representa un caso paradigmático.

## NOTAS

<sup>1</sup> Aínda que non sexa este o lugar para reflexionar sobre o asunto, penso que a recuperación da distinción entre *comunidade* e *sociedade*, formulada por Tönnies, pode axudar a analizar e comprender o proceso de desestruturación que afecta a algúns sectores da sociedade europea moi afectados polos movementos migratorios. A distinción entre *Gemeinschaft* e *Gesellschaft* –comunidade e sociedade– aportada por Ferdinand Tönnies (1855-1936), e inspirada nunha similar distinción adiantada por Henry Maine, contribúe de xeito decisivo á determinación do ámbito de relacións políticas propio das sociedades modernas. Mentres a *comunidade* aséntase en relacións de consenso, asumidas por tradición ou baseadas en determinadas afinidades naturais ou históricas, a sociedade supón unha racionalización da convivencia, con plena distinción dos fins e propósitos de cada actor e cunha limitación dos ámbitos nos que se desenvolven as relacións de interdependencia. Os dous tipos de relacións –*Gemeinschaft* e *Gesellschaft*– son, para Tönnies, parcialmente acumulables, ata o punto de afirmar que non existe ningún exemplo de comunidade en sentido puro. Pero a distinción ten pleno sentido sociolóxico na medida en que orienta ó científico sobre as preguntas que debe facer e as relacións que debe investigar á hora de analizar os fenómenos sociais. Cfr.: Tönnies, F. (1947) *Comunidad y Sociedad*. Buenos Aires, Edit. Losada.

<sup>2</sup> No marco da teoría da *cultura política*, e dende os seus mesmos comezos, púxose de manifesto a interdependencia entre a cultura e a democracia. Para Almond e Verba (1963), Eckstein (1966) e Nordlinger (1967), a democracia non depende só do funcionamento das súas estruturas formais e informais, ou da adopción de determinados hábitos que facilitan e dotan de eficacia a participación cidadá nos asuntos públicos. A estabilidade do sistema democrático relaciónase tamén coas crenzas que dan sentido persoal e social ao comportamento, así como cos valores que orientan os obxectivos do proceso político. Existe, como diría Peter Berger (1966), "*un reino subxectivo e ordenado da política que dá sentido ás decisións políticas, disciplina ás institucións e significación social aos actos individuais*".

Na análise de Almond e Verba, o problema defínese, ademais, por unha diferente difusión das estruturas do mundo occidental, posto que, mentres a tecnoloxía e a cultura administrativa son de fácil transmisión, e son ben recibidas polos cidadáns de países emerxentes, a cultura democrática que sustenta un sistema político aberto resulta de difícil transmisión, e pode abocar a unha situación de incongruencia entre o sistema e a cultura.

Os modernos estudos de R. Inglehart (1997) e A. Wildavsky (1989 e 1994), e do propio H. Eckstein (1990) virían confirmar basicamente estas temperás conclusións.

## ALGUNHAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Ashford, Sh., e Timms, N. (1992) *What Europe Thinks. A Study of Western European Values*. Londres, Dartmouth Publishing Company.
- Barreiro Rivas, J.L. (1997) *La función política de los caminos de peregrinación en la Europa Medieval. Estudio del Camino de Santiago*. Madrid, Tecnos.
- Eckstein, H. (1966) *Division and Cohesion in Democracy. A Study of Norway*. Princeton, Princeton University Press.
- Giddens, A. (1998-2ª) *Modernidad e identidad del yo. El yo y la sociedad en la época contemporánea*. Barcelona, Península. [Edic. original: 1991: *Modernity and Self-identity. Self and Society in the Late Modern Age*. Politi Press en asociación con Basil Blackwell].
- Gurtov, M. (1990) *Política humanista global*. Barcelona, Ediciones Pomares-Corredor S.A. [Edic. original: 1988: *Global Politics in the Human Interest*. Boulder, Colorado, EEUU, Lynne Rienner Publishers, Inc.].
- Inglehart, R. (1997) *Modernization and Posmodernization. Cultural, Economic, and Political Change in 43 Societies*. Princeton, Princeton University Press.
- Jáuregui, J. A. (2000) *Europa: tema y variaciones: la identidad y variedad cultural europea*. Madrid, Maeva.
- Kostakopoulou, D. (2001) *Citizenship, identity and immigration in the European Union: between past and future*. Manchester University Press.
- Küng, H. (2001) *Una ética mundial para la economía y la política*. México, Fondo de Cultura Económica. [Ed. original: 1997: *Weltethos für Weltpolitik und Weltwirtschaft*. Munich, Piper Verlag GmbH].
- Lutzeler, P. M. (1999) *Identità europea e pluralità delle culture*. Venecia.
- Sartori, G. (2001): *La sociedad multiétnica. Pluralismo, multiculturalismo y extranjeros*. Madrid, Taurus. [Edición original: (2001): *Pluralismo, multiculturalismo e estranei*].
- Wildavsky, A. (1994) Why Self-interest Means Less Outside of a Social Context. Cultural Contributions to a Theory of Rational Choices, *Journal of Theoretical Politics*, 6 (2), pp. 131-159.
- Wilson, T. M. (2000) *An Anthropology of the European Union: Building, Imagining and Experiencing the new Europe*. Oxford, Berg Publishers.
- Zamora, J. A. (2001) Migraciones en un mundo globalizado, *Iglesia Viva*, nº 205, pp. 11-48.

A inmigración crea tensión tanto para a persoa que emigra como para os que acollen. Os que emigran porque senten a desorientación de estar en terra allea e sen a ligazón da comunidade de orixe (de aí o folklorismo e a imaxe estereotipada do lugar de orixe que hai nos centros galegos na diáspora). Os que acollen porque ven con preocupación un posible deterioro das súas condicións de vida coa chegada de novos elementos.

En época de bonanza económica a integración ata é posible, pero que sucederá a pouco que haxa unha recesión? Así pois parece inevitable que haxa tensión e desconfianza, sobre todo, como dis, cando os inmigrantes chegan a unha terra de oportunidades, pero cunha sociedade moi madura que tivo que pelexar duramente para conseguir os avances sociais dos que agora disfrutamos. Para nós que aínda hai pouco tivemos unha ditadura, este novo reto enfurece porque sen tempo para disfrutar do Estado do Benestar xa nos din que é imposible sostelo e ademais hai que integrar máis persoas.

Creo que na integración son fundamentais a cantidade de persoas a acoller e o feito de poder compartir un traballo con eles. Os marroquís e subsaharianos que hai nalgúns vilas costeiras galegas non son un problema porque son poucos e están integrados no mundo da pesca dende hai anos. Os inmigrantes laboriosos son aprezados en Galicia porque nos lembran a todos nós no pasado máis recente. Logo hai diferenzas culturais insalvables, pero o mundo do traballo crea lazos de solidariedade e espazos comúns. Sacar da economía informal estas xentes contribúe á súa integración.

Para rematar, falas dunha ética mundial como lugar de encontro e como medio para evitar o perigo de desestruturación social. Eu cría que esa ética mundial eran os Dereitos Humanos, pero, hoxe en día, ata os cuestionamos tildándoos de imposición occidental ao resto do mundo.

**Humberto Martínez**

# INMIGRACIÓN E IDENTIDADE EN GALICIA. A EDUCACIÓN INTERCULTURAL EN PERSPECTIVA

Miguel Anxo Santos Rego

Grupo ESCULCA-Universidade de Santiago de Compostela

## INTRODUCCIÓN

Desde a entrada no que hoxe coñecemos como Unión Europea, e deso teñen pasado vinte anos, o panorama demográfico español cambiou de xeito notorio, sendo sinxelamente espectacular a mudanza da última década. O crecemento económico de España e a transformación do seu tecido produtivo teñen servido de imán migratorio para que hoxe sexa posible contar nada menos que corenta e cinco millóns de habitantes no territorio do Estado. Da evolución meteórica no principio de século falan as cifras: dunhas 50.000 entradas anuais contra o ano 1999 a unhas 400.000 no ano 2003. Como fai medio século dixeran Ramón Otero Pedrayo respecto da emigración en Galicia, tal vez non sexa esaxerado dicir que a inmigración é a cuestión máis sobranceira da España de hoxe. Contrariamente ao que ocorría non fai tanto tempo, os estranxeiros que agora viven en España superan con moito aos españois que viven no estranxeiro. O alcance do debate xerado nos eidos social, político, cultural, e mesmo xurídico, acompañouse dunha formidable profusión bibliográfica (cfr. Rius Sant, 2007).

Sen ser un punto crítico do actual mapa da inmigración, tampouco Galicia é allea ao fenómeno. A 31 de decembro de 2006 os datos do Instituto Galego de Estatística reflectían que a poboación estranxeira por sexo e nacionalidade alcanzaba as 71.796 persoas, das que 34.596 eran homes e un número superior (37.200) mulleres, representando estas case que o 52%. Son números oficiais, pero todos sabemos como modula a realidade os balances nesta materia. En canto á participación, algo se vai movendo porque a información proporcionada desde o goberno autónomo sube ao medio cento o número de asociacións de inmigrantes, con máis de nove mil asociados.

Sabemos que non estamos entre as Comunidades con alta influencia da inmigración, pero sen a súa repercusión demográfica seguiríamos perdendo poboación, e mesmo, como anota o equipo de Izquierdo (2006), non houbésemos experimentado esa certa vitalidade vantaxosa pola atonía dos autóctonos. Pero tamén o paradoxo habita entre nós porque, non tendo *–hic et nunc–* nin a consideración de ‘comunidade emerxente’ (a vulgar polo número de inmigrantes), sen embargo nada menos que un 45% de galegos manifestan nun estudo da Xunta (2006) que hai “moitos ou demasiados” estranxeiros vivindo en Galicia.

Co extraordinario auxe da inmigración en España, resulta lóxico que a escola se vexa afectada polo fenómeno, entre outras cousas porque é a institución que garante o dereito á educación para todos. Ademais, a mestura da inmigración xeral e da inmigración de retorno é importante para entender a nosa realidade socio-educativa.<sup>1</sup> Nesta liña, a escolaridade serve como ángulo de interese en relación coas políticas públicas que implican ou teñen que ver cos fluxos migratorios no país. Naturalmente, se tivesemos que avaliar esas políticas, a proactividade desde o sistema educativo sería de gran relevancia no desafío que acompaña á inmigración (cfr. Aja et al., 1999).

Toda atención educativa aos colectivos inmigrantes debe entenderse nunha dinámica de inclusión social, e non só escolar. O que conta son os recursos dispoñibles na comunidade e nas escolas para desenvolver proxectos e levar a cabo accións innovadoras. Aparte de que a inmigración e a educación teñen sempre camiños cruzados, os seus fíos conectores terán que proxectarse no tipo de sociedade futura que se pretende (cfr. Blanco Puga, 2002), a fin de que as políticas formulen, lexitimem e orienten prácticas acordes cunha



sociedade vertebrada na súa diversidade. Pero digamos xa que as políticas de inclusión son moi complicadas sen cambios consensuales para as maiorías e para as minorías.

Para dar xusta idea do que representa hoxe a inmigración nas escolas españolas só chega con dicir que nas aulas hai máis de 600.000 alumnas/os de orixe estranxeira, representando na práctica un 9% do total da poboación escolarizada. En Galicia esa proporción quédase nun 3.3% (2006-07), con 10.568 nenas e nenos vidos de doutras latitudes (ver Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2006). Aínda así, a cantidade non é tan baixa se temos en conta que o alumnado autóctono caeu nos últimos sete anos un 13.5%.

O crecemento máis acusado tivo lugar nas provincias de Pontevedra (4.166) e A Coruña (3.981), a notable distancia das de Lugo (1.293) e Ourense (1.128). A distribución segundo sexo é bastante parella e os continxentes que teñen medrado con maior contundencia son os de África (Marrocos) e América Latina. Na referencia do último ano nada menos que cinco países (Colombia, Arxentina, Brasil, Uruguai e Venezuela) abranguían a metade deste estudantado entre nós. O 70% da matrícula sitúase na educación primaria e secundaria obrigatoria. Cuestión especialmente delicada, *aquén e alén*, é a desigual presenza do alumnado procedente da inmigración nos centros de ensino sufragados con fondos públicos. Concretamente, en Galicia o saldo semella abraiante: 82.2% nos públicos e 17.8% nos privados e privados concertados. De seguir así, en moitas escolas públicas a equidade e calidade seguirán véndose ao lonxe, no mellor dos casos.

Por outra parte, é claro que a representación mental das persoas nun contexto tense visto afectada sempre pola forza da inmigración no mesmo, e por iso ten contribuído, xunto a outros referentes da memoria individual e colectiva, a que a cuestión da identidade cultural volva a pesar no discurso político acerca da democracia e da cidadanía, estendendo tamén os seus efectos á educación e, máis concretamente, ao currículo escolar. Dos fluxos migratorios teñen xurdido

dinámicas de identificación, e de recreación cultural con longo percorrido e grande prestancia na historia dos pobos. Por elo, falar de identidade, persoal e/ou colectiva, é referir a tensión entre o que arrastramos e o que afrontamos, o que cremos estable e o que cambia. A cuestión, ademais, inflúe de xeito transversal no mesmo coñecemento social. Ao respecto, é curioso como os mesmos historiadores se ven, ás veces, na necesidade de revisar explicacións sobre acontecementos e procesos teoricamente ben asentados baixo un determinado paradigma ou corrente de análise. Non busquemos en ningures porque isto está pasando coa nosa propia historia.

## FLUXOS MIGRATORIOS E IDENTIDADE EN TEMPOS DE GLOBALIZACIÓN

Xa ninguén defende unha dimensión fixa e inmutable da identidade. Sería absurdo xa que ten unha estrutura multidimensional; non en vano todos cruzamos nas nosas vidas elementos variados (orixe, lingua/s, profesión, crenzas, afeccións,...) e por iso temos polidentidades. Ten razón Appiah (2007) cando subliña a forte dimensión narrativa do proceso de identificación. Pero ese compoñente dinámico na identidade é anterior á irrupción da tecnoloxía electrónica na vida da xente, reorientando o cambio representacional que nos afecta nun mundo de redes, de mobilidades, e de fluxos (incluídos os migratorios). A mesma experiencia de vida na diáspora por parte de miles de mulleres e homes de Galicia ten ido modulado o seu sentido de pertenza cultural, abrindo o seu *eu* social e cultural a outros acentos e realidades (a mestizaxe permite recoñecer as orixes e enxergar o porvir). Vímolos na peripecia histórica de tantas xentes oriúndas de Galicia nas distintas latitudes do planeta, especialmente en terras de América e da mesma Europa. É xusto a evidencia que convida a rexeitar a idea dunha identidade constituída por trazos inmutables ou contidos dunha pureza cultural (García Canclini, 1992; Broullón, 2007). Decatémonos xa de que como a diversidade cultural está conformando as vilas e cidades, de como a inmigración e o territorio empezan a

retroalimentarse en perspectiva identitaria, marcando puntos de inflexión dialóxica entre pasado, presente e futuro (cfr. Consello da Cultura Galega, 1990; Gondar Portasany, 1998). Miremos para onde miremos, onte e hoxe, a identidade galega recrease ao carón das migracións.

O relato e a narratividade identitarias dos migrantes galaicos foi, e aínda se nota, distinta segundo nivel educativo, xénero, destino, tempo de permanencia no exterior, actividade laboral, tipoloxía familiar, etc., poñéndose de manifesto a importancia da súa traxectoria e das súas experiencias, e non tanto a das súas esencias orixinais (cfr. Santos Rego, 2007). É inequívoco, con todo, que unha parte da identidade a penas se move xa que descansa en piares de raigaña sólida (a memoria é o alicerce do sentimento, da 'saudade' que tanto ten informado o ánimo dos nosos pais e avós en terras afastadas). Lingua, tradicións, crenzas e símbolos autóctonos son eixes singulares da cultura pero esta non deixa de ser un precipitado histórico, consecuencia de evolucións e innumerables influxos, que sempre "está en obras", cambiando segundo se presentan os tempos e as circunstancias.

Recoñecido isto, tamén é xusto dar conta das inxentes influencias sobre a identidade individual e colectiva dos suxeitos migrantes, máxime cando se ven abocados a aprender un ou varios idiomas, a adaptar os seus hábitos e costumes na vida persoal e familiar, ou a reaxustar as súas habilidades no eido produtivo (Labrador, 2001). Pouco a pouco, ás veces de modo menos consciente, novos patróns de interpretación, e outros códigos de comunicación vanse filtrando nun imaxinario no que signos e símbolos, valores e normas haberán de ir transitando en dialéctica hibridación. E se tal situación era predicable en e para épocas cun reducido impacto da tecnoloxía, qué dicir desta na que o todo cultural parece, en grande medida, indisoluble dunha dixitalización globalizada en cuxa dinámica reticular estanse a refacer continuamente as relacións entre individuos, países, pobos e culturas? Así as cousas, identidade e cultura xa non son o que eran (Martín Barbero, 2004), co que se complica dabondo seguir unindo identidade a pertenza exclusiva a una comunidade nacional.

O suxectivo enfoque de Martín Barbero pode sernos útil ao enxergar unha relación entre globalización, des-territorialización e hibridación cultural, tendo en conta que, agás para os humanos que tentan mellores horizontes, as fronteiras xa son só virtuais. Neste tempo, xa que logo, as culturas interactúan máis que nunca, afectando á maneira de ser, de estar, de falar, de sentir, e mesmo de actuar na vida cotiá por parte da xente, en especial a máis moza, en virtude de distintos entrecruzamentos e posibilidades de comunicación.

A identidade reconstrúese permanentemente na *sociedade-rede*, que diría Castells (1998). Nese punto, teríamos que volver sobre as ideas da identidade cultural como proxecto, que non existe por enriba do tempo e do poder na historia humana. A dixitalización ten transformado os espazos de encontro e comunicación convencionais, marcando outros camiños á educación e á aprendizaxe, pero inducendo tamén novas vías de expresión identitaria, algunhas mesmo vinculadas á música, á publicidade, á moda ou ao cine, reconstituíndo o universo simbólico das persoas, que agora é posible compartir sen maiores atrancos.

A identidade non é allea, entón, ao xeito en que se vai desenvolvendo unha cultura de masas que se amosa como espectáculo e factor emocionalmente envolvente nalgúns contextos de vida xuvenil, coas sucesivas identificacións que comporta. Estilos ou tendencias musicais tipo *rap* ou *hip-hop* serven de exemplo para ver os efectos de fluxos transnacionais sobre como desenvolven hoxe moitos mozos as súas identidades e afiliacións, ou sobre como representan as súas visións do mundo nas súas vidas cotiás. En palabras de Lam (2006, p. 218), mesmo entre os psicólogos, que sempre consideraron o desenvolvemento da identidade como un proceso etápico de interacción cos grupos de socialización primaria e secundaria, está subindo o enfoque de que a globalización crea máis fluidez e multiplicidade na formación xuvenil da identidade. De parecido xeito, a mestura de contidos lingüísticos, rítmicos e referenciais, xunto aos vínculos que se dan con estas músicas de corte global, e tamén con formas artísticas e



outras manifestacións culturais de ámbito local, producen unha especie de “reconstrución semiótica” que alumea tendencias identitarias a través das mesmas *performances* dos individuos e dos grupos.

Agora ben, por máis que o influxo da dixitalización transnacional produza efectos culturais como os que vimos de telegrafar, non se pode negar a forza dos movementos que tentan neutralizar ou, tal vez, reequilibrar nunha perspectiva nacional e local aquelas ‘desmesuras’, se ben ese maior arraigo na identificación cultural no que se teñen empeñado escritores, músicos, cineastas,... de moitos países (Galicia podería servir de exemplo) tampouco é necesariamente sinónimo de renuncia, nin moito menos, ao espallamento internacional das correspondentes formas de produción creativa. É por iso que, da mesma maneira que os espazos multimedia (televisión e vídeo, sobre todo) inflúen no reposicionamento do cine, debemos resituarnos as identidades nun marco de comunicación multicontextual, onde as narrativas que atinxan aos individuos e aos pobos teñan que ser reconstruídas por todos os protagonistas e axentes da sociedade civil e, polo tanto, co-producidas. Véndonos, eso si, obrigados a recoñecer o alto grao de asimetría e falta de equidade entre as persoas e grupos implicados nas producións e apropiacións culturais.

No fondo deste complexo asunto aparece a rutilante dialéctica entre modernidade e posmodernidade xa que, amén da crise da razón, do Estado-Nación, ou dunha forma de entender os grandes relatos históricos, parece inconfundible que a identidade moderna é territorial mentres a posmoderna é transterritorial, sendo axudada na súa lexitimación conceptual polo auxe da inmigración, o poder da telemática, e a evidencia dunha maior diversidade cultural<sup>2</sup> nos contornos sociais, sinais que, xunto ao descentramento contemporáneo da individualidade e o desprazamento da relación entre normas e valores favorece a emerxencia do que Naïr (1998) ten rotulado como identidades aleatorias (cambiantes ou mutantes). Nas súas propias palabras “a condición posmoderna é unha aventura imprevisible, a condición identitaria

contemporánea é aleatoria” (p. 80). Estaríamos diante dunha modernidade líquida, pletórica de identidades incertas (Béjar, 2007), por termos pasado dunha identidade dada e non problematizada a unha identidade adquirida e ‘autoconstituída’, construída a base de continuas e a miúdo angustiosas eleccións.

A elasticidade cultural da época nótase, como non pode ser doutro modo, nos rapaces e rapazas que hoxe experimentan, congregados en ‘comunidades hermenéuticas’, unha sorte de forte empatía coa tecnoloxía audiovisual e unha complicidade expresiva coas súas imaxes, sonoridades, fragmentacións e velocidades nas que atopan os seus idiomas e ritmos preferidos (Marín, 2005). E todo isto porque familia, escola e outros modelos de socialización son percibidos e reconfigurados dun xeito como non seríamos quen de imaxinar fai un par de décadas.

Especial incidencia pode ter esta situación nas fillas e fillos da inmigración polo simple feito de ter que medrar baixo o influxo de códigos culturais non coincidentes. Vivir entre dúas ou máis culturas comporta riqueza pero tamén complicacións persoais ao verse, moitas veces, na tesitura de xestionar a disociación entre argumentos culturais en orixe (presión familiar) e argumentos estruturais da súa vida social. Para estes adolescentes e xoves (cfr. Siguán, 2003), as relacións interpersoais que poidan darse no seo da escola serán de enorme importancia. O influxo mediador do centro educativo pode chegar a ser un camiño de integración social e cultural, alén do repertorio de habilidades que nese contexto é posible ir asentando. Sempre que non se de pulo a interesadas controversias sobre signos e símbolos externos, a base de simplistas ecuacións asociativas, como a que se ten aventado entre velo e opresión na muller musulmana.

A xa clásica investigación de Banks (1995)<sup>3</sup> sobre o desenvolvemento da identidade étnico-cultural nun país tan distinto ao noso como son os Estados Unidos de América, ten influído en Massot (2003), permitíndolle albiscar, desde terras catalanas, determinados modelos cos que se identifican os mozos (mimetización, confusión, evasión

imaxinaria, dobre ou mesmo múltiple pertenza, etc.) cando se lles pregunta sobre as vivencias e os estados de ánimo na inmigración. Por suposto que é notoria a variedade de situacións existentes, e por iso non deberíamos privilexir lecturas pouco edificantes a menos que rexeitemos a existencia de vantaxes nunha sociedade de alcance multicultural. Facelo pode ser cómodo e lexítimo (¡faltaría máis!), pero o risco ben puidera ter que ver cunha dose de irresponsabilidade funcional ao non decatarnos do capital (inter)cultural que van acumulando moitos suxeitos nestas sociedades, cuestión que non debería ser desbotada olímpicamente nas reformas curriculares do futuro.

## **INMIGRACIÓN E IDENTIDADE NA SOCIEDADE MULTICULTURAL**

Aínda que a sociedade galega actual non semelle ter o mesmo grao de complexidade doutras sociedades pluriculturais (somos conscientes do risco de tal dicir pois non hai medidores de complexidade), tamén aquí coexisten distintos sistemas referenciais que alentan tomas de posición identitarias, unhas veces máis explícitas e outras máis sutís. Ao non haber simetría de influencias no espazo público, as familias inmigrantes pódense ver expostas en contextos interactivos (a escola é un dos máis recoñecibles) a orientacións de valor que mesmo poden ser bipolares, polo que tamén poden verse na necesidade psicolóxica de posicionarse cando son empuxadas desde o grupo maioritario a amosar unha perspectiva polo simple feito dunha pertenza cultural. En moitas ocasións ese proceso comporta o reforzamento de valores susceptibles de esencializar a súa mirada identitaria.

Afortunadamente, tales coordenadas están lonxe de ser comúns no noso medio. Certo que ata épocas recentes esa visión bipolar, ou bicultural, era propia de enfoques sobre a aculturación, o que supuña entender a identificación dentro dun continuo –a máis identificación coa cultura propia menos coas outras, e viceversa–. Sen embargo, nestes intres, cómpre ter en conta dinámicas menos lineais como as que formula o modelo de identificación cultural

ortogonal (ver Marín, 2005a, pp. 139-140), ou sexa, que unha persoa pode adquirir patróns, condutas ou normas doutra cultura mantendo as propias cando se presenta en ambientes distintos ou cando estes non son incompatibles. Velái un punto de vista a xogo coa gramática de moitos estudos sobre competencias interculturais e a súa relevancia no desenvolvemento educativo dos individuos (Santos Rego et al., 2006).

Tal como está o mundo de conectado, ao tempo que desregulado na praxe das relacións internacionais, tanto pola beira dos ricos coma pola dos países que máis engordan as cohortes migratorias, as persoas non deixan de modular as súas identidades a fin de actuar e funcionar coa efectividade que a experiencia recomenda en cada contexto cultural. Non é outra a lóxica da acomodación sociocultural que se produce, con dispar extensión e intensión, nos países receptores de inmigración. Referimos, obviamente, o xogo de roles e patróns actitudinais e condutuais cando se trata de exercer unha actividade laboral na esfera pública vs. cando se trata de manter estilos, normas e valores no ámbito doméstico.

Doutra banda, cuestión importante no estudo da inmigración en ambientes multiculturais, como o que caracteriza ao territorio español, é a multinacionalidade que nos emparenta con outros países europeos (Bélxica, Gran Bretaña...). Así, as peticións de acomodacións dos inmigrantes a concepcións de identidade nacional non estatal poden ter consecuencias a medio prazo, a pesar de que agora mesmo a penas sexan perceptibles, e menos en Galicia onde a identidade nacional como país diferenciado non ten xerado sentimentos maioritarios. Tal vez por iso o debate case non despunta na axenda social e política, agás nalgunha que outra declaración programática, nalgún encontro académico (permítome destacar o Curso de Verán da USC, en xullo deste 2007, titulado “Ensino de segundas linguas a inmigrantes”), ou por mor do pulo desde o goberno autónomo para a creación, primeiro, do Observatorio Galego da Inmigración e a Loita contra o Racismo e a Xenofobia, e as xuntanzas posteriores (2006) de representantes da nosa

sociedade civil para, cunha metodoloxía de grupo de discusión, aportar ideas e contidos ao Plan Galego de Inmigración.

O tema, en síntese, e de acordo con Zapata-Barrero (2004), preséntase en termos de competencias e non tanto de recoñecemento, poñéndose de manifesto na esixencia de coñecer o idioma de Cervantes na solicitude da nacionalidade española, sen alusión a outras linguas a ese respecto ou a propósito dunha sinxela acomodación en comunidades bilingües. Que tal cuestión aínda non aparente forte non quere dicir que careza de virtualidade práctica, ou de potencialidade na prospectiva do debate sociolingüístico.

A chave do pacto social seguirá sendo a fuxida de posicións extremas e tentar de fusionar estratexias de aproximación e interese común, nas que tan lexítimas son as políticas de axuda aos que chegan como as que definen e proporcionan medios para que poidan empezar a desenvolverse na lingua propia do país no que viven. Sen esquecer algo básico: as persoas alleas por orixe a unhas sinais de identidade lingüísticas (e tamén moitas que non son tan alleas) só se achegan ás mesmas en virtude de motivacións que teñen na actividade laboral e nas expectativas de mellora nesa sociedade os seus alicerces estruturais. Nun estudo que vimos de rematar (Lorenzo Moledo et al., 2007) temos descuberto que moitos homes oriúndos de Marrocos desenvolven en galego a súa actividade principal de venda ambulante no medio rural movidos pola necesidade dun mellor contacto relacional coas xentes do país.

Xa que logo –permítaseme a licencia–, os inmigrantes en Galicia falarán máis a nosa lingua se chegan a percibir o seu uso como práctica non ritualizada e, sobre todo, como instrumento útil no acceso a un emprego, no mantemento do mesmo, ou como vía de promoción social para si mesma/o e a súa familia. Sabemos que, a miúdo, as linguas son representadas ao abeiro de asociacións con roles hexemónicos nun marco de referencia social. Temos, pois, que aproveitar ao máximo os resortes institucionais ao noso dispor, ao tempo que temos que ser máis persuasivos no eido escolar,

xermolo do éxito nesa e noutras facianas da integración. En calquera caso, educar para a integración, dicía un deputado europeo fai xa algúns anos, implica clarear os obxectivos pedagóxicos, polo que hai que poñer o acento no ensino do castelán e da lingua propia, que nesta Comunidade Autónoma é a lingua galega (Na'ir, 2003).

Se combinamos fluidez de oportunidades e flexibilidade nas formas, o que é de agardar é que medremos na condición de sociedade multicultural pois estaríamos abrindo novas pistas identitarias para todos os seus integrantes, sen renunciar a nada e sen exclusións derivables de esencialismos mistificados cando non de populismos tan simplistas como esnaquizadores do entendemento. Importará, e moito, que esa multiculturalidade proactiva conte con axeitados canles de calidade cívica e democrática, procurando políticas e políticos que non amosen medo nin magnifiquen os desafíos que suscita conciliar a diversidade cultural coa causa da igualdade. Abondará con que traballen a reo para que os dereitos sociais fundamentais se fagan efectivos aos que xa están executando connosco os seus proxectos de vida. En calquera caso, estudar a identidade en relación co progreso da democracia en sociedades multiculturais non é cuestión fútil (ver Gutmann, 2003), senón unha das que máis ten animado o debate das ideas sobre dereitos culturais.

## **A EDUCACIÓN INTERCULTURAL AO FONDO. DE QUÉ FALAMOS?**

Un mínimo rigor no estudo da identidade en países que teñen asistido a un proceso de aceleración histórica como consecuencia do auxe nos seus fluxos migratorios de entrada ten que reparar na relación que presenta tan importante temática coa da cidadanía e o reto conxunto situado, entre outros eidos socio-comunitarios implicados, na perspectiva dunha educación máis intercultural. Non pode ser outra a resposta do sistema educativo diante da complexidade que caracteriza a unha sociedade culturalmente diversa e tecnoloxicamente avanzada.

Imos tratar de clarear o significado dunha expresión (educación intercultural), que se ten considerado nuclear no actual discurso pedagóxico. Farémolo apelando á dimensión normativa da súa natureza conceptual. Trátase da dimensión que mellores distingos fai respecto doutra expresión, a de 'educación multicultural', nunca sinónimo da primeira, pero si anterior, tanto no seu percorrido histórico e prevalencia social, como, fundamentalmente, na súa menor forza epistémica ao servizo dunha educación para todos e dunha pedagogía inclusivamente renovadora en época onde os fluxos migratorios e a identidade condicionan patróns deliberativos e de acción reflexiva acerca da tolerancia, os dereitos humanos, a equidade, a convivencia e a democracia na esfera pública da sociedade civil. Trátase de rebaixar a énfase nas diferenzas, tantas veces equiparadas a deficiencias (educación compensatoria), e de reforzar o acento na igualdade e dos valores que unen a xentes e pobos.

En efecto, non é o mesmo, nin podería selo, o carácter simplemente descritivo da multiculturalidade, coa súa textura sociolóxica avalando, fáctica e empiricamente, a observable constatación da diversidade e a pluralidade do espazo público, que o carácter normativo, isto é, pertinentemente ideal, da interculturalidade, en cuxa dinámica de construción educativa convén pensar acerca das competencias, destrezas e capacidades básicas (diálogo, empatía, escoita activa...) en orde a unha progresiva e adecuada xestión da incerteza cando o encontro e, sobre todo, a interacción co outro (primeiro sistema referencial da cultura) xa non se rexe exclusivamente pola acción comunicativa 'cara a cara', pois temos que contar co que devén ao respecto na orientación dixitalizada e reticular que Internet impulsa sen tregua (Santos Rego, 2007a). A multiculturalidade é un feito social, a manifestación da diversidade, e a interculturalidade sería, nas mesmas palabras de J. de Lucas (1998), unha das respostas normativas a esa realidade plural, situándose, polo tanto, nun plano distinto ao dos feitos, no dos ideais, valores ou principios (p. 227).

Así as cousas, pode que interese máis o consenso sobre o sentido da proposta educativa implicada que si é mellor esta ou aquela definición. Porque, a pesar das dificultades comprensivas acerca do que chamamos desde fai décadas Educación Intercultural, cremos que o seu desenvolvemento é xa irreversible dada a confluencia de factores e variables (políticas, sociais, culturais, económicas,...) que demandan unhas políticas educativas axeitadas á xestión que cómpre facer, dentro e fora das aulas, da diversidade cultural. Reformulando a fondo obxectivos e metas do sistema, da organización dos centros, e da metodoloxía instrutiva, pois estamos diante dun cambio que compromete a toda a comunidade educativa, á procura de novas competencias para todo o alumnado, polo que non é intelixente reducir educación intercultural a mellor atención educativa para os estudantes da inmigración. Abrangue iso pero é moito máis que iso. Como din Sureda e Oliver (2006), a educación intercultural non pode nin debe reducirse a contornos escolares, entre outras cousas porque nas nosas sociedades son os medios de comunicación os grandes moldeadores das formas de ver e de actuar.

De tódolos xeitos, estamos convencidos de que a abordaxe da Educación Intercultural debe afastarse de estériles batallas nominalistas, de discursos substantivadores, para ir mergullándose nunha vía pragmática do coñecemento, perfectamente amañable en e desde a acción que ten lugar nas aulas, sexa cal sexa o nivel e modalidade de ensino (formal e non formal) no que se queira incidir. Para que a educación intercultural avance cómpre enfoques estratéxicos. Non podemos deixala empalar por posicións ideoloxicamente extremas, que o único que pretenden é o seu afastamento da pedagogía. O mellor eloxio da teoría en educación (intercultural) é vela como reflexión crítica á luz do que pasa, ou do que debería pasar, no proceso de optimización da aprendizaxe e da habilitación xeral dos educandos. Por suposto que iso tamén é do caso para o tema no que andamos. E moi importante saber o que pensan os docentes de distinta idade, experiencia e tipo de escola sobre os cambios sociais, culturais e tecnolóxicos na medida en que

tamén elas e eles verán afectados os seus cometidos como educadores.

Pero unha concepción pragmática (epistemolóxica e ontoloxicamente falando) da educación intercultural debe incorporar hoxe os referentes virtuais e as posibilidades da aprendizaxe en rede (*on line*), situando a meta da súa dinámica formativa no logro polo suxeito dunha competencia cultural madura, optimizando os parámetros cognitivos, afectivos e de conduta dun proceso de comunicación que teñen que protagonizar individuos libres e civicamente iguais.

Ao fin e ao cabo, non podemos esquecer a necesidade de proxectar cara o futuro os gratificantes lazos entre teoría e praxe educativa coherente, e xénese e desenvolvemento dun capital social que o tempo e a historia foron asociando tamén a unha sorte de capital intercultural, susceptible de mellor desenvolvemento procurando unha intervención pedagóxica de calidade, dentro e fóra dos contextos escolares, a fin de elevar a capacitación de nenos e mozos, a ton cos ideais emancipatorios da cidadanía, especialmente se se atopan, como é o caso de moitos inmigrantes, en situación de carencia e risco de exclusión.

Evidentemente, a atención pública á inmigración esixe educar para o *empowerment* destas persoas. O que se quere dicir é que debemos considerar as mellores experiencias, estratexias, fortalezas e metas que levan consigo as persoas en peor situación, axudándolles a analizar e comprender a estrutura social e a desenvolver as capacidades necesarias que lles posibiliten conseguir as súas metas de forma satisfactoria. Ese tipo de capacitación ao que se alude co termo *empowerment* ten que formularse como potente obxectivo da educación intercultural.

Estamos diante dun proceso e non dunha situación definitivamente dada. Por iso, a educación intercultural de calidade supón o máximo coidado das estratexias pedagóxicas en cada contexto, pensando na maximización dos beneficios da aprendizaxe para todo o alumnado nun marco curricular integrador e non segregador, con

procedementos que buscan o desenvolvemento da autonomía, pero tamén dunha maior socialización do éxito, que é xusto o que recomenda unha razoable xestión pedagóxica da diversidade cultural.

Polo tanto, se ao que chama a educación intercultural é a interacción, intercambio, comunicación, negociación de significados e recoñecemento, admitiremos máis facilmente que o seu progreso efectivo (comprometendo á mesma formación dos profesores) algo terá que ver coas bondades da aprendizaxe cooperativa –que non da simple dinámica de grupos– e as súas correlacións co crecemento cognitivo-social e afectivo dos individuos, amén de proporcionar soporte a un sistema motivacional centrado na responsabilidade moral. Tal sistema faise máis nítido cando pensamos nunha ética procedemental, dinámica e xeradora de comunicación intercultural. Só así é previsible que a educación intercultural siga sendo un dos auténticos referentes de futuro na pedagogía.

Que é, en definitiva, Educación Intercultural? Poderíamos asumila como un enfoque teórico e práctico da educación entendida como marco de interpretación e acción reflexiva, que valora a diversidade cultural procurando a igualdade de oportunidades de todos os alumnos, así como unha xestión pedagóxica da aprendizaxe dirixida á optimización das distintas pero relacionadas dimensións do proceso educativo, pensando no logro de competencias interculturais susceptibles de axudar ao benestar das persoas nun mundo conectado (Santos Rego, 2007a; ver tamén Aguado, 2003).

Tal vez o enfoque de Banks (1995, 1997) teña sido un dos máis prácticos á hora de fixar as dimensións sobre as que dinamizar proxectos de educación intercultural na escola, aínda que esas dimensións foran trazadas desde un contexto no que se adoita falar en termos de *multicultural education*. Trátase das seguintes:

1. Integración de contido. Refire o uso que fai o profesorado, ou que podería facer, de exemplos e contidos dunha ampla variedade de culturas



para ilustrar aspectos dunha disciplina. Nesta dimensión incluíriase o currículo aditivo.

2. Construción do coñecemento. Acentúase a dimensión construtivista da aprendizaxe e do coñecemento, recoñecendo que o proceso polo que chegamos a construílo está atravesado por múltiples influxos culturais, explícitos e implícitos. O profesorado deberá analizar a medida en que os métodos e actividades no proceso de ensino-aprendizaxe están influídos ou nesgados por posicións étnicas ou de clase social. Tamén atinxe ao alumnado, que ten que descubrir cómo o coñecemento é unha construción social e cómo poden colaborar nesa construción as súas propias concepcións culturais.
3. Diminución do prexuízo. Aborda os posibles estereotipos, prexuízos e mesmo discriminacións que se dan no alumnado e na vida das escolas, así como as estratexias encamiñadas a superar actitudes de discriminación por outras máis democráticas.
4. Desenvolvemento dunha pedagogía da equidade. Dáse cando o profesorado orienta todo o seu esforzo a conseguir unha maior calidade da aprendizaxe en todos os alumnos, independentemente da súa orixe racial, clase, xénero, ou procedencia cultural. Desde este enfoque quedan afectadas todas as actividades da escola, buscándose unha auténtica igualdade de oportunidades para todas e todos os estudantes. A aprendizaxe cooperativa pode ser clave nese obxectivo de éxito para todos.
5. Unha cultura escolar favorable ao *empoderamento* (*empowerment*). Nesta dimensión a forza ponse nos cambios que na institución escolar poden permitir ampliar a capacitación e aspiracións de todas as persoas que viven ou están en risco de exclusión, a fin de que asuman poder persoal e comprensión crítica das propias posibilidades e recursos para participar activamente na sociedade.

A importancia destas dimensións é que nos remiten a preguntas fundamentais sobre como avanzar nunha educación máis inclusiva, sabendo da

dificultade que ten facer progresos efectivos a prol desa meta cando se necesitarían determinados cambios estruturais no eido social.

## A EDUCACIÓN INTERCULTURAL EN PERSPECTIVA

Pensamos que é necesario falar da educación intercultural en perspectiva no senso de solicitar o soporte oportuno para que a aprendizaxe no marco do actual sistema educativo sexa non só intracultural senón tamén, con todas as comparacións que se queiran, intercultural. O coñecemento doutras visións da vida e a capacidade de poder examinalas con criterio é algo valioso na formación das persoas, en absoluto incompatible co ensino de símbolos e tradicións culturais aos máis pequenos.

O que se espera de nós, polo tanto, é que saibamos tomar decisións a prol desa educación intercultural en perspectiva. Non esquezamos que entre as funcións da educación figura contribuír a formar nas persoas un sentido de pertenza cultural e comunitario, que non esgota, senón que amplía a comunicación do suxeito co outro, xa teña o mesmo ou distinto referente identitario. Nese horizonte hai algúns núcleos de atención que non podemos descoidar desde a educación en xeral e desde a escola en particular. Naturalmente que hai moitos máis, pero sobre estes cremos ter máis predicamento ao telos colocado no punto de mira dos nosos alicerces investigadores.

### Formación do profesorado e atención educativa aos inmigrantes

Esta é unha cuestión estratéxica pola conexión que se da entre ela e calquera intento de mellorar as prácticas ás que nos estamos referindo. Cal é o propósito da formación, xa sexa inicial ou continua, senón a optimización da intervención en todas as dimensións posibles? A pregunta respóndese a si mesma, pero a exploración da realidade pon de manifesto a considerable incerteza que rodea ao tema nestes intres. Na formación inicial o que hai é unha cativa presenza da

diversidade cultural nos plans de estudo dos futuros profesores e doutros profesionais do ensino (ver García López, 2003). E na formación continua, ou formación en servizo, como ás veces é chamada, o que predomina é un enfoque que incentiva a mera asistencia a cursos e típicas xornadas (cfr. Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2007), a miúdo superpostas e sen solución de continuidade en relación co tratamento e as propostas para situacións concretas.

Por máis intentos que fixemos, non houbo foro estable algún ao que remitir a análise e avaliación das prácticas educativas en centros e institucións que atenden a nenos procedentes da inmigración. Só agora, neste final do ano 2007, estamos a realizar, coa axuda da Administración Galega, o *I Seminario Nacional de Atención Educativa ao Alumando Inmigrante* (Santiago de Compostela, 8-9 de novembro), iniciativa que trata de animar a implicación nunha tarefa socio-educativa de alcance para a mellor construción da convivencia na sociedade civil. Este tipo de eventos xa deu bos resultados noutras Comunidades, ao xuntar moitos profesionais que desexan por en valor o que fan e que arelan coñecer o propio dos seus colegas. Así é como se nutren ideas e proxectos que engrandecen a quen os protagonizan e ás comunidades onde traballan. Agardemos que a elaboración do Plan Galego sobre Inmigración, no que temos participado moitos con ilusión e esforzo, de comezo a un tempo de realidades tanxibles.

Volvendo ao fío do que é máis corrente na formación docente, non é suficiente, nin moito menos, con saber que os profesores cubriron un determinado número de horas en cursos de calidade desigual. Nin sequera podemos contentarnos con que algúns teñen feito publicacións, que se implicaron en experiencias de formación no centro, ou que están impulsando a elaboración e o intercambio de materiais ou a sofisticación dalgún plan de acollida. Do que se trata, valorando moi positivamente a súa participación nestas e outras actividades, é de avaliar a medida en que o seu esforzo, individual

e grupal, repercute sobre a práctica, que se ve mellorada, gradual e substantivamente, grazas ao compromiso sostido destes profesionais.

Se tivéramos que apostar por un modelo de formación do profesorado, na nosa opinión deberíamos facelo por aquel no que se privilexie a innovación responsable a partir de bos seminarios permanentes e grupos de investigación-acción intercentros, constituídos a modo de comunidades de aprendizaxe, con dispoñibilidade para retroalimentaren criticamente as súas iniciativas e dinámica de progreso compartido. Alí onde se plasman este tipo de ideas é onde se xeran condicións para o cambio, e ben que se nota no empuxe de directivos, profesores e familias, contaxiando a miúdo o seu entusiasmo a outras institucións. Non se poden negar certos atrancos (lentitude dos procesos, ausencia de tempos e espazos para a reflexión,...) cando se fai investigación-acción e se pretenden cambios que tardan en chegar, pero quen persisten logran artellar avances educativos interculturais que enriquecen enormemente a experiencia de quen participan (ver Bartolomé Pina, 1997).

Polo que se acaba de dicir é polo que hai que outorgar o recoñecemento que merecen as profesoras e os profesores que levan adiante, contra vento e marea, experiencias innovadoras, ou que elaboran materiais curriculares de valía, investindo horas e horas sen faltar ás súas obrigas profesionais. A atención pública á inmigración desde a educación ten que contar coa participación activa dos mellores profesionais, aqueles que son capaces de liderar procesos e experiencias exitosas en tan complexo marco de acción educativa (ver Esteve, 2004), advertindo, de paso, que o tempo social impón un cambio na mirada sobre modelo, funcións e responsabilidade do profesorado.

Dito isto, o que non debemos é pecar de optimismo ao facer prospectiva educativa co acento que alentamos, dando por feito que a necesidade dunha educación e un currículo interculturais acompañarán a un maxisterio e a uns corpos docentes entusiasmados e convencidos do vieiro a percorrer. Se atendemos a referentes

estadisticamente cuantitativos, tales degoiros distan moito de contar cos avales suficientes, por máis que do lado cualitativo sempre contemos coa vangarda na que se aliñan grupos de innovación, asociacións profesionais ou movementos de renovación pedagóxica.

Mal vamos se aínda seguimos dubidando da necesidade de aumentar sensiblemente a corrente de profesores conscientes da pertinencia e relevancia dunha xestión pedagóxica da diversidade cultural nos centros educativos, nos que a diferenza de calidade tamén atinxirá a liderados organizativos e curriculares dispostos a asumir, con todas as consecuencias, unha alteración de modelo educativo á altura da transformación na estrutura social e na mesma vida cotiá. Aí están as posibilidades da tecnoloxía para a comunicación, a innovación e a aprendizaxe nun mundo onde a conectividade se ten convertido en elemento historicamente distintivo. Pero que non logra diminuír a taxa de desigualdade en igual ou parecida medida. O exemplo da India (cumprindo o 60 aniversario da independencia), e doutros países, abundaría para un módulo didáctico sobre a distancia entre indicadores macroeconómicos e realidade microeconómica.

Por onde queira mentamos e propomos para o futuro da educación nunha sociedade democrática, étnica e culturalmente diversa, un enfoque e unha orientación netamente interculturais. A penas é factible referir opinión ou idea encol da integración dos inmigrantes, dos xa chegados ou dos que chegarán, sen que saia a colación a interculturalidade como se dunha fórmula maxistral se tratase, ou como se a súa invocación pública fora presaxio de acaídos remedios. Tiña razón Bartolomé Pina (2002) cando advertía de que se nos está gastando o termo antes de usalo realmente, e coa propiedade debida (engade o que subscribe). Ou antes Lluch (1995) pedindo falar máis do contido e da posibilidade aberta á escola como lugar de reconstrución cultural. Moita linguaxe politicamente correcta pero, alomenos polo noroeste ibérico, cativa cesta de proxectos e iniciativas.

Contamos con estudos de orientación diagnóstica e de patente constatación sobre o que ocorre ao noso

arredor como para afirmar un *state of the art* digno de mellor sorte (Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2003, 2007). Qué amosan os datos recolleitos en Galicia? Pois un paradoxo e unha asimetría que tampouco adoitan ser demasiado estraños; é o clásico diferencial entre o que se reclama cando as enquisas andan polo medio, e o que se fai cando se endereitan algo determinadas eivas no eido da formación. Quérese dicir que os cursos e actividades escorados cara á educación intercultural non son precisamente os máis demandados polo profesorado. A consecuencia explicativa, que non xustificativa, é que tampouco son ofertados pola Administración competente, que é a que debe ter a iniciativa en todo momento, aproveitando ao sector de ensinantes e ás organizacións con experiencia e materiais na dinamización das estratexias formativas de educación intercultural. Pode que o modelo de formación permanente dos nosos profesores mereza revisión e propósito de emenda a curto prazo. Nesto compartimos criterio coa oportuna e recente chamada de atención aos sistemas nacionais pola Unión Europea. Cun elemento para a reflexión: podemos confiar nun modelo que deposita na vontade do profesional da educación o motor do seu compromiso coa formación continuada?

### **Aprendizaxe cooperativa e prácticas educativas interculturais**

Estando de acordo en que a educación é un proceso de *comunicación*, no caso da educación intercultural isto resulta ser moito máis certo, porque neste ámbito o suxeito da educación non pode entenderse illadamente senón en relación co outro. Aproveitemos as palabras de Abdallah-Pretceille (2001, p. 41): “o discurso intercultural céntrase no mundo das interaccións, partindo do suposto ou concepción da persoa como *ser comunicativo*”. Dito abertamente, o eixo de interese da educación intercultural non debe ser outro que a promoción das condicións educativas desexables para que persoas de diversas culturas se encontren, convivan, e vaian tecendo entre elas lazos de verdadeira comunicación; dunha comunicación interpersonal –con todas as múltiples peculiaridades culturais



existentes– na que primen xenuínas actitudes de respecto, empatía, deferencia, solidariedade, valoración, e responsabilidade recíproca.

Independentemente de que os centros educativos poden avanzar no seu progresivo axuste a un modelo de educación intercultural se son capaces de utilizar un enfoque multidisciplinar no deseño e elaboración de programas, reartellar a súa organización interna e servirse de recursos comunitarios locais, a isto temos que engadirlle a importancia de xestionar a aprendizaxe dos alumnos contando cun modelo de aprendizaxe cooperativa nas aulas, sen o que non se mobilizan procesos que resultan en ganancias prácticas como o desenvolvemento de habilidades cognitivas, sociais e lingüísticas, entre outras. Desde logo, un modelo así non hai que entendolo unicamente circunscrito a cambios posibles no ámbito da metodoloxía de aprendizaxe senón na súa forza vertebradora doutros como poden ser a motivación, o mesmo contido curricular, as novas tecnoloxías, a acción tutorial, ou a avaliación (cfr. Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2003). O estudo de Morales Orozco (2006) amosa tamén os apreciables beneficios da aprendizaxe cooperativa na integración lingüística do alumnado inmigrante.

Posto que o importante é poder situar o xermolo da competencia intercultural na escola obrigatoria, nada mellor que entender o contexto de clase, e a escola na súa totalidade, como instancia susceptible de promover o encontro cultural a través dunha aprendizaxe que, sendo sempre dun suxeito, pode facerse máis cualitativa se é participada e compartida. Nesta perspectiva, contribuír ao logro de mellores patróns de inclusión escolar e social é tamén un revulsivo a prol dunha nova gramática da aprendizaxe humana, dando pulo a cotas de “éxito para todos” (*success for all*), lembrando o ambicioso programa creado fai máis dunha década na Universidade Johns Hopkins de Baltimore (Maryland-Estados Unidos) para tratar de frear as escandalosas desigualdades que xera unha sociedade na que os nenos non conseguen a tempo o dominio de destrezas instrumentais básicas (ver Santos Rego e Slavin, 2002).

Convimos a miúdo que as mellores escolas son as que dan pulo a climas de cooperación e altas expectativas en alumnos e familias. Neste senso, as estruturas de meta cooperativa téñense amosado como as máis idóneas, considerando a interacción positiva que mobilizan entre suxeitos de heteroxénea procedencia, sempre que non se confundan coa simple agrupación de estudantes, e mesmo sexan o resultado dun deseño operativo, pedagoxicamente situado, e habilitador das dimensións cognitiva, afectiva e socio-moral dos alumnos. Do que se trata é de perfeccionar a unión de aprendizaxe e socialización na construción dos suxeitos (Santos Rego, 1990, 1994; Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2003, 2003a). Con inmigrantes nas escolas de Galicia, permitímonos remitir ao lector á crónica dunha experiencia pedagóxica que puidemos dirixir anos atrás nalgunhas escolas do país (ver Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2003).

Polas evidencias dispoñibles, a boa aprendizaxe cooperativa, axeitadamente dosificada no currículo escolar, é inseparable dos proxectos e dos procesos de carácter intercultural (ver Díaz-Aguado, 2003), máxime se se trata de facer unha escola na que o fundamental é aprender a vivir xuntos e a ir descubrindo o valor dunha cidadanía intercultural nun mundo interconectado, razón pola que a aprendizaxe cooperativa nas aulas debería complementarse co que se pode levar a cabo *on line* (Sales, 2001), abrindo vías de utilidade para a conformación de redes e proxectos conxuntos entre escolas da mesma cidade, rexión, país, ou aínda de distintas nacionalidades. Sen ir máis lonxe, estratexias de relación interpersoal, de recollida e análise da información, e de resolución de problemas poderían ser expoñentes dun bo traballo a través de Internet.

### **Participación das familias inmigrantes na escola**

Se o profesorado pode facer bastante máis engadíndolle medios e recursos para atender aos nenos da inmigración en risco de sufrir desamparo nos primeiros tempos de vida nun novo entorno, é o certo que tal labor non pode concibirse illadamente dos demais colegas

e menos á marxe dun proxecto organizativo e curricular no que interesa, por eficacia percibida, contar coa familia. Sen atraer á escola ás nais e pais destas alumnas e alumnos, é moi probable que os esforzos dun centro a prol dunha pedagogía inclusiva se vexan sensiblemente diminuídos pois falamos dunha pedagogía que precisa de firmes apoios no ámbito doméstico.

De aí a importancia dunha boa acollida na escola xa que pode marcar unha certa diferenza no patrón relacional dos pais co mesmo centro para a súa participación e colaboración en cometidos que axudarán no desenvolvemento educativo dos seus fillos. E posto que é neste eido no que temos atopado considerables dificultades, formulámonos un estudo centrado no deseño e realización dun programa de intervención con familias inmigrantes, cuxo obxectivo principal foi mellorar o coñecemento que teñen estas familias da cultura e da sociedade do país de acollida, así como do seu sistema educativo e os servizos sociais, tratando con isto de elevar os seus niveis de participación nas escolas ás que acude a súa descendencia (ver Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2008). Sabemos que os centros educativos adoitan artellar mecanismos informativos, ben individuais, ben grupais, para relacionarse coas familias; sen embargo, son menos frecuentes accións cunha clara intencionalidade pedagóxica de intercambio formativo e de coñecemento.

Con esta orientación, un programa que ten como obxectivo fundamental incentivar a participación das familias inmigrantes nos centros educativos debe estruturarse en catro niveis, a un tempo secuenciais e simultáneos: información, opinión, toma de decisións e acción/execución das tarefas derivadas desas decisións. Así, o principal propósito do programa non ha ser outro que o de proporcionar a información susceptible de provocar unha maior aproximación ao centro educativo por parte das familias inmigrantes, esperando que a súa presenza na escola favoreza vías de inclusión e mutua aceptación nos planos social e cultural.

Cremos, pois, que un programa destas características pode servir como instrumento

optimizador das prácticas que intentan mellorar a relación familia-escola, xa que favorece a implicación de pais e nais. Nesa liña, coincidiríamos con Roza González (2003) na semántica desa implicación apelando a “un conxunto de actividades de claro deseño, que foron postas en práctica para resolver un problema ou satisfacer unha necesidade e cuxa eficiencia foi amplamente probada en diferentes contextos” (p. 21).

### **Consideracións finais e algunhas propostas**

En Galicia, como en toda Europa, a inmigración precisa dunha xestión acorde coa memoria de pobos que saben desa experiencia vital e das súas consecuencias. Por iso, o primeiro son os dereitos que garantan o trato digno aos que chegan porque sen uns mínimos xurídicos é moi difícil ser optimistas en relación con proxectos interculturais. E se nos referimos a tales proxectos, o que non se pode é recluílos no ámbito educativo, e menos aínda no contexto estritamente escolar. Hai posibilidade de acción educativa intercultural nos ámbitos de educación non formal e informal. Estamos, por suposto, diante dun reto, pero non dunha utopía estridente (unha Arcadia feliz) xa que a identificación de marcadores sociais, culturais e educativos, e mesmo xurídicos, é perfectamente factible, á hora de avaliar melloras e avances na esfera pública (cfr. Lucas, 1998, 2006), incluíndo o debate sobre dereitos de tipo político.

Coidar a educación en perspectiva intercultural pode implicar sinerxías e activos formativos ligados a unha xestión da diversidade que en non poucos sitios do mundo ten incidido no crecemento económico e social. Un ex presidente da Xunta facíase eco fai escasas datas do debate xerado polo libro de Richard Florida *The rise of the creative class*, defendendo que a Tolerancia, xunto ao Talento e a Tecnoloxía, deben ser as 3 T do noso progreso (González Laxe, 2007). Se supón que isto algo terá que ver tamén coa competencia intercultural dunha mocidade que vai decaíndose, aínda que sexa de vagar, do valor engadido que aporta o coñecemento, a viaxe, e a comunicación. En certa medida,

o interese por este tipo de competencia chámamos a afondar un pouco máis no estudo da educación como proceso de comunicación. Dun ou doutro xeito, a interculturalidade é capacidade comunicativa que se resolve, parcialmente, no manexo de símbolos e significacións (Alsina, 1999). Sen comunicación non hai construción cultural.

Naturalmente, os proxectos educativos de carácter intercultural son proxectos de altura democrática, que precisan de profesionais sabedores dos seus oficios (o ensino é tamén un oficio moral), docentes e educadores pragmáticos, e con experiencia na xestión da diversidade, dispostos a actuar dentro e fora da escola a prol dun maior benestar das persoas e dos grupos. Lembremos que a educación intercultural en perspectiva ten unha orde supraeducativa pois o seu punto principal non é outro que apoiar unhas relacións sociais non discriminatorias. O mellor da situación son os discursos que se notan correspondidos pola acción pedagóxica mellor disposta, en cada circunstancia, para avanzar en termos de equidade e de calidade. Unha progresión que na escola pública, onde a presenza das familias inmigrantes é nítida, ten que evidenciarse, non con máis palabras senón con máis feitos.

Está fora de toda dúbida que na xestión cultural, educativa e social da inmigración, a cuestión identitaria ben merece un tratamento singularmente prudente. Sen perder de vista que tampouco é como para votar foguetes o que amosan os datos sobre a nosa auto-percepción identitaria (para X. Alcalá o que temos é un “Impaís”), a persuasión ten que ser a única liña de ruta a seguir en canto a modulación de actitudes e condutas, buscando o axuste cívico, con explícito recoñecemento da diversidade, entre autóctonos e alóctonos, e mesmo dentro de cada grupo.

A identidade é unha construción social que responde a múltiples variables e circunstancias, sen fórmulas maxistras resolutivas da prelación dereitos individuais vs. dereitos de grupo. O perigo virá de calquera artificioso soporte a esencialismos teimudamente anacrónicos respecto do que pode

ser considerado boa galega ou bo galego, alén das virtudes ‘transnacionais’ (persoa honesta, solidaria, esforzada,...). O camiño da integración clausurase cando unha persoa é considerada, e tratada, como cidadán de segunda categoría polo feito de non ser galega, de non ter as mesmas crenzas relixiosas cas da maioría, ou de non falar a nosa lingua. Serán as oportunidades que teña e o trato que reciba entre nós o que consolidará máis proxectos de vida e mellores dinámicas de integración social e cultural.

